REVISTA TRIMESTRAL

COLEGIO DIOCESANO SAN LORENZO

Con el Papa León XIV en Madrid

Entrevista a Lois Pérez, autor de *A gruta da torre*

Suplemento Galiciencia e Actividades de Voz Natura



Laurentina

A revista do CDSL

XUÑO 2026

SUMARIO

07 **EDITORIAL**

08 En portada
Con el Papa León XIV en Madrid

11 A gruta da torre
A aventura de ler
Por C.A., C.Á., A.A., C.D. e L.O.

15 **Recensións**
P.C., E.F.T. e M.F.T.

18 Efemérides
Galaxia: o legado vivo
Por C.P.Y.

20 Efemérides
Bécquer vuelve a brillar: “190 años bajo la sombra del eclipse”
Por M.A.R.

SUMARIO

23

Á lus do candil

Ánxel Fole, entre a montaña e a Muralla

Por D.R.E.

25

Los pazos de Ulloa

El Pazo, entre la política y la literatura

Por C.V.A.

28

El Latín al día

¿HONDIUS, es realmente latín?

Por M.M.A.

30

Aire negro

Hai desastres que non son naturais

Por D.R.V.

35

A illa dos tesouros

Mellor que unha edición especial

Por S.P.L.

37

Corredores de sombra

Liga interna de Baloncesto do CDSL

Por D.R.V.

SUMARIO

38 A page of our own

English never takes a holiday

39 Proxecto Lector

As Quedadas na casiña de ler

41 Proxecto Lector

O Mes das Letras, a gran festa da lectura no CDSL

43 **O Club de Ciencia: “A Forxa”**

45 **Proyecto de Fotografía en Tecnología**

47 Ciclo de Emergencias Sanitarias

Una profesión que cuida, acompaña y actúa

SUMARIO

48 Educación Física en la ESO

Jornada acuática en el río Miño

50 Pastoral CDSL

Ofrenda Mariana

52 Pastoral CDSL

Compartiendo la alegría del Corpus Christi

54 Pastoral CDSL

El verdadero tesoro de nuestro colegio

61 **Actividades Voz Natura**

73 **Galiciencia**

Laurentina

A revista do CDSL

Equipo de redactores, deseñadores e creadores do 6º número da revista do CDSL, LAURENTINA

C.A.R.
(1º ESO A)

M.A.R.
(4º ESO A)

C.Á.V.
(1º ESO A)

A.A.S.
(1º ESO A)

P.C.R.
(2º ESO)

C.D.V.
(1º ESO A)

E.F.T.
(2º ESO)

M.F.T.
(2º ESO)

M.M.A.
(4º ESO A)

L.O.P.
(1º ESO A)

C.P.Y.
(4º ESO A)

S.P.L.
(1º ESO A)

D.R.V.
(1º ESO A)

D.R.E.
(4º ESO B)

C.V.A.
(4º ESO B)

EDITORIAL

Presentamos o número final deste curso de *Laurentina*, a revista do CDSL, anímovos a ler todos os artigos, neles veredes reflectidos os traballos e as actividades deste último trimestre.

Temas como a liguiña de baloncesto, a entrevista a Lois Pérez, o día de Corpus Christi no que tivemos ocasión de compartir unha gran xornada cos colexios diocesanos de Lugo e Silleda, e moito máis.



Agora despedímonos deste curso que remata coa alegría de desfrutar das vacacións de verán e a tristeza de deixar aos compañeiros ata o novo curso, pero antes gustaríanos animarvos a participar nesta revista no próximo curso xa que como din os vellos, compartamos contos e parolas.

Feliz verán a todos!!!

D. R. V.

Con el Papa León XIV en Madrid

FOTOGRAFÍAS EQUIPO DE COMUNICACIÓN



El pasado mes de junio, un grupo de alrumnos de nuestro colegio tuvo la oportunidad de vivir una experiencia única: viajar a Madrid acompañados por D. Luis para participar en los encuentros con el Papa León XIV, en el marco de su visita apostólica a España. A su regreso, la capilla del colegio acogió una Vigilia de Oración muy especial en la que pudimos escuchar, de primera mano, el testimonio de los que allí estuvieron.

"No dudaría en volver a repetir"

Uno de los momentos más emotivos de la vigilia fue cuando nuestro alumno Á. compartió abiertamente lo que este viaje había supuesto para él. "Cuando me dijeron de hacer el viaje a Madrid dudé bastante en ir", reconocía con sinceridad, "pero ahora, después de haberlo vivido, no dudaría en volver a repetir la experiencia".

Como explicaba Á., una de las primeras cosas que más sorprendió a todos fue la increíble acogida en la parroquia de San Juan Bautista, donde familias y ciudadanos nos recibieron, sin conocernos de nada, como a uno más de la casa. Esa calidez inicial y la música de la orquesta de la JMJ, que M. definió más tarde como una auténtica "providencia", prepararon el terreno para unos días en los que la fe y la convivencia fueron de la mano.







Las claves del viaje, por M.

Por su parte, M. subió al ambón con un guión claro que le sirvió de brújula para compartir, de manera muy espontánea y viva, sus propias impresiones. Para él, el viaje partía de una "visita histórica" y de la gran expectativa de "ver frutos" tras tanto esfuerzo.

Al recordar la figura del Santo Padre, M. destacó ante todo que se encontraron con un "hombre sencillo y cercano", capaz de transmitir un mensaje rotundo centrado en tres pilares fundamentales: el lema del encuentro, la escucha y las vocaciones.

La mirada de D. Luis: una huella en los peregrinos

Los días en Madrid transcurrieron entre lugares emblemáticos como la Plaza de Lima y Cibeles, compartiendo el camino con más de un millón de jóvenes, y con el gran privilegio de ver al Papa muy cerca a su salida del Palacio Real.

Fue un momento en el que, como bien destacó D. Luis al recordar esos días, lo que verdaderamente impresionó a quienes pudimos estar tan cerca del Papa fue su actitud: "Su cercanía, la alegría reflejada en su rostro, la emoción con la que vivía cada momento y el cariño con el que se acercaba a los niños dejaron una profunda huella en los peregrinos". Además, nos recordaba que "la fe es lo que más nos une, porque nos ayuda a reconocer la presencia de Jesús en nuestras vidas".

Un cambio de perspectiva

La Vigilia de Oración posterior en el colegio nos devolvió a la esencia de todo: el recuerdo de miles de jóvenes compartiendo un silencio profundo y sobrecogedor en un clima de adoración. Las sensaciones de esa vigilia en Madrid quedaron grabadas en los chicos como una experiencia de "grandeza y magnificencia inolvidable".

Volver de un viaje así, tal y como nos apuntaba Á. al final de su lectura, te cambia por completo las perspectivas de vida que tenías antes: te ayuda a darte cuenta de que no estás solo y de que vale la pena vivir una fe compartida.

Nos quedamos con ese impulso y con la invitación directa que el Papa lanzó a los jóvenes y que ya forma parte de nuestro día a día: “¡Vosotros podéis cambiar la historia! ¡Hacedlo con el amor!”.



Mensajes del Papa León XIV en Madrid

Para la reflexión de toda la comunidad escolar, recopilamos algunos de los mensajes y enseñanzas más significativos que el Santo Padre nos regaló durante los encuentros:

"Vosotros, jóvenes, estáis llamados a dar una nueva dirección a la sociedad, convirtiéndoos en protagonistas del cambio" (Vigilia en Plaza de Lima).

"Pensemos cuántos de nosotros aprendimos el respeto por el adversario en un campo de juego más que escuchando un discurso" (Movistar Arena).

"¡Vosotros podéis cambiar la historia! ¡Hacedlo con el amor!" (Vigilia en la Plaza de Lima).

"¡Buscad siempre la verdad! ¡Dios es verdad!" (Vigilia en Plaza de Lima).

"Sed vosotros mismos chispa de una humanidad nueva" (Vigilia en la Plaza de Lima).

"En todas las familias ocurren milagros de amor" (Centro CEDIA 24 Horas).

"Si ardéis en la fe, transmitiréis su fuego vivo" (Vigilia en Plaza de Lima).

A aventura de ler

POR C. A., C. Á., A. A., C. D. E L. O. (1º ESO A)
FOTOGRAFÍA EQUIPO DE COMUNICACIÓN



Neste último trimestre o alumnado do primeiro ciclo de ESO lemos o libro *A gruta da torre* de **Lois Pérez**. O **departamento de Lingua galega e literatura** organizou un encontro co autor para que puidésemos intercambiar impresións con el. Trátase dunha novela de misterio ambientada en Ribadeo e protagonizada por rapaces da nosa idade, aspectos cos que conectamos especialmente, por iso non podiamos perder a oportunidade de facerlle unha entrevista para *Laurentina*. As redactoras somos C., C.Á., A., C.D. e L.

C.Á.: **Porque decidiu que a historia ocorrera en Ribadeo?**
Lois: Porque Ribadeo é un lugar moi especial para min, e teño moi bos recordos da infancia. Un lugar no que pasei moitísimos anos despois desa época tan especial. Entón eu quería lle transmitir a meu fillo un pouco as miñas sensacións, as miñas vivencias cando tiña máis ou menos a súa idade e pareceume que Ribadeo era o mellor lugar.

C.: **En que medida se inspirou en lendas reais de Galiza para crear o misterio da gruta da Torre?**
Lois: É certo que hai, por exemplo, o tema das mouras ou dos mouros ou dos Valuros que viven debaixo da lagoa de Cospeito. Pero, aquí realmente máis que nas lendas de Galicia, que normalmente só as conto cando vou a narrar por aí ou para determinados espectáculos, aquí si que me enfoquei máis na miña propia memoria de neno e nos recordos.

C.: **A personaxe de Quirina reflicte a discriminación de forma moi directa. Cal era a súa intención principal ao incluír esta crítica social nunha historia de aventuras para xoves?**
Lois: Era falarvos dos perigos que ten o racismo e a xenofobia para a nosa vida e para a nosa sociedade, para a democracia, porque son comportamentos intolerables cheos de ignorancia e de odio e que non nos trae nada bo, porque todo do que quería falar era que, realmente, todas e todos somos iguais e merecemos dignidade e respecto, independentemente da súa orixe e condición ou clase social. Todas e todos somos seres humanos, persoas, e merecemos ser tratadas do mesmo xeito con respecto e con dignidade.

C. D.: **Como describiría a amizade dos nenos con Quirina e Estrela?**



Lois: Ao principio, hai unha barreira invisible da que se fala porque, aínda que as nenas e os nenos non, algúns si que se portan mal con ela porque teñen comportamentos racistas, pero outras e outros non. O que sucede é que están influídos ás veces pola mirada e os prexuízos dos adultos. Pero non obstante, definiría como o final encóntranse e recoñécense como amigas e como amigos como nenas e nenos e creo que forman parte da mesma cuadrilla. Ademais, Quirina convértese dalgún xeito na súa líder, entón parece unha amizade bonita e con Estrela tamén porque, ven nela a unha persoa que lles pode axudar moito e que lles ten cariño. E a Estrela tamén lle axudan a revivir a súa infancia desde a idade adulta na que se encontra.

C. D.: **Porque decidiu que unha foca aparecese na historia?**
Lois: Porque foi un encontro marabilloso da miña infancia e unha das cousas máis máxicas que vivín como neno e como adulto, queríalle contar iso a meu fillo, transmitirlle, pois todo o que sentimos por aquel entón que foi algo que se nos quedou grabado para sempre a todas e todos.

L.: **Agora pasamos a falar un pouco sobre vostede e o seu oficio de escritor. De todos os libros que escribiu cal é o seu favorito?**



“LER É UN ACTO TRANSFORMADOR. É UN ACTO REBELDE, LER É UN ACTO REVOLUCIONARIO, TAMÉN DE PROTESTA CONTRA AS COUSAS E ADEMAIS AXÚDANOS A TRANSFORMAR O NOSO”.

Lois: *A gruta da torre*. Porque é o máis especial por moitos motivos. Porque esa etapa da vida que se conta está moi conectada comigo, porque está a ter moita relación co meu fillo, porque foi escrito nun momento moi difícil que era o confinamento pola COVID, porque Ribadeo púxome en contacto con amigas e amigos dos que non sabía dende hai máis de trinta anos, e sobre todo porque me deu a oportunidade de andar por moitísimos centros de ensino coma o voso e coñecervos a todas e todos vós que é o maior premio que me levo de todo isto.



A.: **Inspírase nas súas experiencias para contar historias?**

Lois: Si claro, constantemente. Calquera escritora ou escritor, aínda que sexa un libro de fantasía ou de ciencia ficción, ao final nutrímonos da experiencia da realidade do que vemos, do que sentimos e do que escoitamos. Entón, eu neste en concreto, inspireime moito na miña propia vivencia e na miña propia experiencia para escribir.

C. Á.: **Cando decidiu ser escritor?**
Lois: Eu non o decidín nunca. Eu sempre escribín dende que teño uso de razón. Creo que escribía sobre todo, tamén lía moito, tal vez antes de escribir. Así empecei pola poesía, pero cando, por exemplo, gañei este premio, pois dixen, bah! Pois vou escribir outro, e gañei outro premio e cando gañei dixen, pois vou facer outro e gañei outro premio. Entón dixen, pois tal vez teño que tomarme máis en serio isto de escribir con máis frecuencia e con máis organización da que facía porque son bastante desorganizado.



A.: **Ademais de escritor tamén é profesor, que quixo ser primeiro profesor ou escritor?**
Lois: Primeiro quixen ser futbolista e funo, e despois quixen ser mestre, e sono tamén. Como escritor escríbese, logo suceden cousas, máis que decidir ser escritor. Logo pasan cousas bonitas como esta, se dis que fun antes mestre ou escritor, gústame o papel dos mestres e das profesoras, pois é un oficio duro, pero tamén é afortunado, porque nos poñemos en contacto coas nosas cousas da vida e do mundo a través da desconexión do coñecemento e, sobre todo a través dos afectos, creo que é unha labor importante a nosa. Non podería elixir entre mestre e escritor. Síntome orgulloso das dúas cousas por igual.



L.: **Entón, se un alumno seu tivese que quedarse con algunha frase ou ensinanza súa, con cal sería?**
Lois: Non o sei, sobre todo diríalles que non perdan nunca ou non perdades a curiosidade polo mundo que nos rodea e sobre todo, que non deixedes nunca de ler, porque ler é un acto transformador. É un acto rebelde, ler é un acto revolucionario, tamén de protesta contra as cousas e ademais axúdanos a transformar o noso. A nosa vida, o noso mundo e axúdanos a descubrir a nosa parte máxica, única e orixinal que todas e todos levamos dentro.

L.: **Eu desta charla quedaríame con esta idea de que a historia foi creada no confinamento para o seu fillo, e que foi o que máis me chamou a atención. Finalizamos aquí a entrevista dándolle as grazas por compartir o seu tempo con nós.**

Lois: Grazas a vós, que vaia moi ben o fin de curso, e non deixedes nunca de ler e de escribir.

Recensións

POR M. F. T. (2º ESO)


Mauro F.T

A GRUTA da Torre

Recensión

Título - A Gruta da Torre	Ilustradora - Rosalía Díaz
Autor - Lois Pérez	Edición - setembro 2022

Neste libro fálase sobre unhas vacacións en Ribadeo, onde a pandilla de Lois encontra segredos sobre unha torre da cidade.
Falando de forma un pouco máis xeral sobre o libro a súa base ou fundamento é boa: uns nenos que nas vacacións se adentran nun misterio e empezan a buscar unhas pistas, Ao estilo dun libro coma "Los Cinco" co seu toque de Misterio e acción.
O escritor Lucense, Lois Pérez, fíxonos unha visita hai uns días e grazas a ela vimos máis de cerca ese principio da historia.
Un dato a destacar foi que esta historia ou novela foi baseada, a maior parte, nas súas vacacións cando era novo, e tamén hai parte inventada. Gústame iso de que se bascee nun fundamento real.
Por outra banda, xa que ningun libro é perfecto,


ten algúns detalles que non me gustaron de todo, na metade do libro, o narrador pasou de 1ª persoa a 3ª persoa. Isto pódese ver en máis libros, pero neste o cambio foi moi brusco.
En conclusión é un libro que recomendaría, aínda que pode mellorar esa historia de Cuquito, que me pareceu un gran personaxe.

Recensións

POR P. C. R. (2º ESO)



TARJETA: 2 A GRUTA DA TORRE

RECENSIÓN

TÍTULO → A GRUTA DA TORRE.
AUTOR → LOIS PÉREZ.
ILUSTRADORA → ROSALÍA DÍAZ.
EDICIÓN → OUTUBRO DO 2025.

A Gruta da Torre, é un libro baseado nun verán de 1.990 do autor Lois Pérez, que trata sobre a investigación dun rapaz co fin de encontrar un paradixo que comunica a Torre dos Ulores co pasado. No seu camiño por atopalo, descobren un tráfico de drogas por parte dunha homes dos que intentarán descubrir.

O libro gustoume moito, xa que relata uns feitos cos que calquera neno se podería sentir identificado; cos xogos que fan os amigos, as inquedanza por descubrir algo, os amores de verán ou a ledicia de xogar aos videoxogos cos amigos. A trama leva o libro é moi interesante xa que deixa ao lector interpretar determinados feitos á súa maneira ou intentar imaxinar o que podería pasar. Tamén, a boa redacción foi que nos gustaron imaxinar na nosa cabeza os lugares onde transcorren os feitos, os aspectos dos personaxes, o tempo... grazas a toda a descrición que que proporciona o autor.

Tivemos a sorte de ter a visita de Lois Pérez (o autor do libro), co que puidemos aclarar dúbidas e falar sobre a súa historia. Ademais de compartir con nós algunhas historias que se esqueceu de incluír no libro. Polo que nos contaron, é un libro que na súa maior parte estaba baseada en feitos reais. Foi moi interesante, a súa maneira de



contar as cousas e ver que era unha persoa como nós, o que me fixo gostar ainda máis o libro. O que me fixo pensar que todo é posible, e así poder aceptar o que te propoñan.

Recensións

POR E. F. T. (2º ESO)


Ernesto Fernández Torres

A gruta da torre

Recensión

- Título → A gruta da torre
- Autor → Lois Pérez
- Ilustradora → Rosalía Díaz
- Publicación → Setembro 2022

O libro A gruta da torre, de Lois Pérez gustoume porque, a forma na que o autor escribe nunca a vira nin lera. A miña parte favorita é cando Estrela conta como de pequena, lle gustaba ir pola pasadizo até a torre dos Moreno para sentirse que estaba nun mundo de fantasía.

O menciones 20 de maio o autor Lois Pérez estivo falándonos sobre el no salón de actos do colexio. Foi incrible, el era agradábel, simpático e gracioso. Explicounos un montón de datos sobre o libro, como por exemplo, o primeiro título que lle puxo: A foca feliz, que puxo un montón de recordos da súa infancia, por exemplo, cando ía


baixando en bicicleta unha costa cos seus amigos, e un deles baixaba tan rápido que caeu á ría.

En definitiva, encantoume o libro e a visita de Lois.

Galaxia: O legado vivo

POR C. P. Y. (4º ESO A)
FOTOGRAFÍAS RAG



A editorial galaxia, hoxe en día é moi coñecida por moita xente, pero, como se formou a editorial galaxia?

A orixe desta editorial comeza o 25 de xullo de 1950, cando se celebrou a Asamblea fundacional da Editorial Galaxia no bodegón do Hotel Compostela na cidade de Santiago. Este evento realizouse baixo a presenza de Ramón Otero Pedrayo, unha das figuras máis importantes e queridas da cultura galega.

Logo de 75 anos, a Editorial Galaxia, despois de conseguir máis de 3.000 títulos editados e un catálogo vivo de máis de 2.000, hoxe constitúe a referencia histórica da edición en lingua galega. No seu catálogo figuran os autores e autoras máis significativos como por exemplo: Rosalía de Castro, Otero Pedrayo, Ánxel Fole, Eduardo Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro, Florentino López Cuevillas, Castelao, Ramón Piñeiro (foi o primeiro director literario de Galaxia) ou Carlos Casares, entre outros.

A editorial foi o motor de proxectos imprescindibles como, por exemplo, a revista *Grial* que naceu como medio de expresión intelectual de Galicia da que segue sendo un referente.

Hoxe, 75 anos despois, Galaxia segue sendo unha das pezas centrais do noso ecosistema cultural, sabendo adaptarse aos novos tempos.

Entre os fundadores destacan: Ramón Otero Pedrayo, Francisco Fernández del Riego e Ramón Piñeiro. O director actual da editorial é Francisco Castro, editor e escritor cultural galego.



Carlos Casares

Unha figura especialmente importante foi Fernández del Riego, que xogou un papel clave na dirección e impulso da editorial durante décadas.

As ideas principais desta editorial eran promover a lingua galega en tódolos ámbitos, publicar obras literarias, ensaios e estudos en galego, e recuperar a cultura galega trala represión franquista.

Esta editorial foi fundamental para: a resistencia do galego escrito no século XX, a creación dun sistema literario galego moderno e para a difusión da cultura galega dentro e fóra de Galicia.

A traxectoria da Editorial Galaxia é un exemplo de compromiso coa lingua e coa identidade de Galicia. Ao longo de décadas, o seu labor foi fundamental para manter viva a literatura galega e para dar voz a xeracións de escritores e escritoras.

Celebramos a súa existencia e o seu traballo da cultura galega, recoñecendo a súa importancia no noso patrimonio colectivo. E, mirando cara ao futuro, desexamos que continúe medrando e difundindo a nosa lingua, seguindo cara á celebración do seu centenario, os 100 anos de historia ao servizo de Galicia.



Ramón Piñeiro López, fundador da editorial e codirector de *Grial*



Bécquer vuelve a brillar: “190 años bajo la sombra del eclipse”

POR M. A. R. (4º ESO A)
FOTOGRAFÍA WIKIPEDIA



Este año se cumplen 190 años del nacimiento de Gustavo Adolfo Bécquer, uno de los escritores más importantes de la literatura española. Aunque esta fecha ha pasado casi desapercibida, su obra sigue emocionando a lectores de todas las edades gracias a sus poemas y leyendas llenos de amor, misterio y melancolía. Bécquer pertenece al movimiento del Romanticismo y es considerado uno de los grandes representantes de la poesía moderna española.

Gustavo Adolfo Bécquer nació en Sevilla en 1836, desde joven mostró interés por el arte y la literatura. Su forma de escribir, sencilla pero llena de emoción y musicalidad, renovó la poesía de su época e influyó en muchos escritores posteriores. Además, sus temas sobre el amor, la soledad y el misterio siguen emocionando hoy en día a lectores de todas las edades A lo largo de su vida trabajó como escritor y periodista, colaborando en revistas y periódicos de la época.



Retrato de Bécquer



Ejemplar de *El Museo Universal* conservado en la Biblioteca del Seminario

Entre sus obras más conocidas destacan:

- *Rimas*
- *Leyendas*
- *Cartas desde mi celda*
- *Historia de los templos de España*
- *Cartas literarias a una mujer*
- Comedias y zarzuelas escritas en colaboración, como *La venta encantada*.

La obra de Bécquer pertenece al Romanticismo y destaca por tratar temas como el amor imposible, la melancolía, la soledad, el misterio, la búsqueda de la belleza, la inspiración poética y lo sobrenatural. Muchas de sus leyendas mezclan misterio y fantasía, creando ambientes oscuros y mágicos que todavía hoy fascinan a los lectores.

Bécquer colaboró en revistas importantes de su tiempo, como:

- *El Contemporáneo*
- *La América*
- *El Museo Universal*
- *La Ilustración de Madrid*

Estas colaboraciones fueron fundamentales para su carrera literaria y muestran la estrecha relación entre periodismo y literatura en el siglo XIX.



Ejemplar de la Biblioteca del Seminario

Es cuestión de palabras, y, no obstante,
ni tú ni yo jamás, después de lo pasado,
convendremos en quién la culpa está.
¡Lástima que el amor un diccionario
no tenga donde hallar cuándo el orgullo es simplemente orgullo
y cuándo es dignidad!

Una rima de Gustavo Adolfo Bécquer que cabe destacar es la Rima XXXIII, porque al hablar con sinceridad, las palabras guardan fuerza, respeto y dignidad.



Ejemplar de la Biblioteca del Seminario

Esta rima muestra una idea muy madura: muchas veces los conflictos no se resuelven porque no sabemos usar bien las palabras o porque el orgullo impide ser claros. Bécquer sugiere que hace falta sinceridad, responsabilidad al hablar y saber distinguir entre orgullo y dignidad, algo muy relacionado con la madurez, la humildad y “tener palabra”.



Gustavo Adolfo Bécquer Monumento de 1911 en el Parque María Luisa, Sevilla

Un dato curioso sobre su vida es que murió en 1870, el mismo día en que ocurrió un **eclipse de sol**. Este detalle parece sacado de una de sus propias leyendas y resulta aún más interesante porque este año también se producirá un eclipse en agosto. Este tipo de circunstancias han contribuido a reforzar la imagen romántica del autor, asociada a lo misterioso y lo trascendental, en consonancia con los temas presentes en su obra.

Ánxel Fole, entre a montaña e a Muralla

POR D. R. E. (4º ESO B)
FOTOGRAFÍA WEB RAG

Ánxel Fole Sánchez (1903-1986) é, ademais dun dos autores máis relevantes da posguerra, unha das figuras imprescindibles da nosa literatura e, en especial, da narrativa breve galega. A súa vida, marcada polos contrastes entre o mundo rural e urbano e entre o xornalimo e a literatura, deu como froito unha marabillosa prosa no momento máis crítico do século XX.

Nado en Lugo, a súa mocidade transcorreu entre a súa cidade natal e diversas facultades de Dereito e Filosofía e Letras, entre Santiago de Compostela e Madrid.

Nos seus anos de estudante, Fole integrouse plenamente en diferentes movementos políticos e intelectuais da época como a Organización Republicana Galega Autónoma e mesmo chegou a asumir a secretaría provincial do Partido Galeguista. Este compromiso estendeuse pronto cara a literatura. No ámbito xornalístico, foi unha peza clave na creación do semanario *Guión*, dirixiu a revista *Yunque* e exerceu como redactor en *El Pueblo Gallego*. Lamentablemente, a súa primeira incursión literaria, titulada *Auga lizgaira*, nunca chegou a ver a luz debido ao estalido do conflito bélico que sacudiría España.



A Guerra Civil española impactou decisivamente tanto na súa vida como na súa traxectoria, que acabaría con Fole pasando longas estancias en zonas como O Incio, Quiroga, a Terra Chá e O Courel. O contacto directo coa fala e as lendas a Galicia interior transformou e definiu a primeira etapa da súa narrativa, e daquela experiencia naceron obras icónicas, que supuxeron a resurrección da literatura tras a guerra: *Á lus do candil* (1952) e *Terra brava* (1955). Nelas, Fole destaca pola súa técnica da narración en espiral, un recurso onde os contos enfíanse uns cos outros, creando un universo de historias entrelazadas.

A actividade xornalística de Ánxel Fole foi moi intensa. Desde o seu primeiro artigo en 1927 en *La provincia de Lugo*, ata a súa exitosa colaboración en *El Progreso* e *Hoja del Lunes* durante os anos 60 e 70, o autor nunca deixou de escribir. Froito deste labor son series tan recoñecidas como «Andar y ver», «Estar al siglo», «Cartafolio de Lugo» ou «Plaza Mayor», artigos sobre a súa cidade que foron recollidos baixo o título *Cartafolio de Lugo* (1981). Ao mesmo tempo, Fole seguía enriquecendo a literatura galega con coleccións de contos, agora de temática urbana, como *¿E decímolo ou non-o decimos?* (1972), *Contos da néboa* (1973), *Historias que ninguén cre* (1981) e a que foi a súa derradeira obra, *Contos de lobos* (1985).

Membro da Real Academia Galega desde 1963, os seus últimos anos foron unha constante sucesión de homenaxes. Malia levar unha vida retirada, a súa calidade literaria fixo que fose candidato ao Premio Nobel de Literatura e nomeado Fillo Predilecto de Lugo. O 9 de maio de 1986, Ánxel Fole falecía na súa cidade natal, deixando tras de si un legado onde a realidade e o misterio da Galicia profunda quedaron inmortalizados para sempre na súa prosa.

En definitiva, descubrir a obra de Fole é iniciar unha viaxe ao corazón da nosa terra. Por iso, recomendo a lectura de *Á lus do candil*, non só polo seu valor histórico, senón pola súa capacidade única de atraparnos coa maxia do misterio da montaña lucense. Unha peza imprescindible para entender quen somos e como contamos as nosas historias.



El Pazo, entre la Política y la Literatura

POR C. V. A. (4º ESO B)
FOTOGRAFÍA WIKIPEDIA



El pazo de Meirás, una fortaleza de tres torres rectangulares de finales del siglo XX situada en el municipio coruñés de Sada, fue el hogar de la condesa Emilia Pardo Bazán. La propiedad albergó a ilustres literatos de la época, como Miguel de Unamuno. Durante la dictadura franquista, la propiedad pasó a nombre de la familia Franco y permaneció así hasta 2020, tras un largo proceso judicial.

Emilia Pardo Bazán era hija de una familia noble gallega. Fue criada en un ambiente lleno de cultura y recibió una magnífica educación. Su gusto por la lectura comenzó en la biblioteca familiar leyendo a maravillosos autores como Miguel de Cervantes. Fue pionera en la lucha por los derechos de las mujeres y el feminismo. Era una escritora prolífica que abarcó géneros como el ensayo, el reportaje, o la novela, entre otros. Sin duda, el campo en el que es más reconocida es el de la novela, con una clara influencia del **Realismo** español de autores como **Galdós** y del **Naturalismo** francés.

Con *La Tribuna* (1883) y el ensayo *La cuestión palpitante (*1883) se consagró como introductora del naturalismo en España, dando voz a la clase obrera poniéndola como protagonista, por primera vez. Su máximo esplendor llegó con *Los pazos de Ulloa* (1886-1887), en la que retrata la decadencia de la nobleza y el mundo rural gallego con crudeza, seguida un año después por su continuación, *La madre naturaleza* (1887), que narra la relación romántica de dos hermanos.

Los pazos de Ulloa es su novela más famosa y la que la consagró como una de las grandes escritoras de la literatura española. En ella describe la decadencia de la oligarquía terrateniente que ha perdido su papel de liderazgo social, ofreciendo una representación de la degradación de la nobleza y del mundo rural gallego. La novela sigue a un joven sacerdote, Julián, enviado como capellán a un pazo gallego gobernado por el señorito Moscoso. A través de ese choque entre la sensibilidad del capellán y la brutalidad del entorno, Pardo Bazán construye un retrato de la Galicia rural:



la violencia, el alcoholismo, la corrupción política del caciquismo y la ausencia de los valores que debería encarnar la aristocracia.

La naturaleza aparece como algo salvaje e indiferente que aplasta a los personajes más débiles. La novela destaca por su ambientación, que bebe directamente del paisaje gallego que la autora conocía desde niña, escribiendo desde el Pazo de Meirás. Emilia Pardo Bazán heredó la propiedad y entre 1893 y 1900 empezó la construcción de las Torres de Meirás como forma de honrar su posición social. Trabajaba en la torre llamada "de la quimera", donde tenía instalada su biblioteca. En 1938 se constituyó la compra de la propiedad por parte de funcionarios coruñeses, no se permitió la entrada a la hija y heredera de Emilia Pardo Bazán, que intentó en vano recuperar sus pertenencias. La operación incluyó todo el mobiliario y el legado de la escritora, así como unas 3 hectáreas de terreno. La propiedad tenía el propósito de servir como vivienda de verano para Franco y su familia.







En julio de 2019, la Abogacía General del Estado presentó una demanda para que la familia Franco devolviera el pazo por "fraude" en la compra, aportando documentos que demostraban que el contrato de compraventa de 1941 a favor de Franco era fraudulento. El pazo fue devuelto a la familia Pardo Bazán y se encuentra actualmente abierto al público.

El pazo de Meirás conserva un enorme patrimonio cultural que debe ser honrado y valorado por todos nosotros. Su valor, no solo histórico sino también artístico y literario, lo dotan de una enorme reputación.

Nuestro deber como ciudadanos es reconocer este enorme monumento y otorgarle el homenaje que se merece. Pues no solo alberga la historia de una de las más grandes autoras de la literatura española sino que también forma parte de la cultura que nos rodea.



HONDIUS, ¿es realmente latín?

El prestigio de una lengua que marcó la historia

POR M. M. A. (4º ESO A)
FOTOGRAFÍA AFP

Recientemente, el **barco Hondius** ha aparecido en las noticias debido a un brote de **hantavirus** entre algunos de sus pasajeros. El Hondius fue un crucero en el que se produjo un brote de hantavirus durante un viaje por el Atlántico. Varias personas se contagiaron y tres pasajeros fallecieron. Por este motivo, las autoridades sanitarias aislaron el barco y controlaron la salud de todos los pasajeros y tripulantes. Finalmente, el barco llegó a Tenerife, donde los viajeros desembarcaron bajo supervisión médica y regresaron a sus países. El caso generó una importante alerta sanitaria internacional.

A raíz de este suceso, muchas personas se han preguntado por el significado de su nombre. Sabemos que la palabra virus procede del latín y significa “veneno”, mientras que Hondius también parece tener una terminación latina. Pero, ¿es realmente una palabra latina?

Aunque el nombre Hondius suena latino, en realidad no procede directamente del latín clásico. Hace referencia a **Jodocus Hondius**, un famoso cartógrafo y grabador flamenco que vivió entre los siglos XVI y XVII. Fue conocido por sus mapas y por contribuir al desarrollo de la cartografía moderna.



Jodocus Hondius es una forma latinizada de su nombre, Joost de Hondt. Durante el Renacimiento era habitual que los científicos, artistas e intelectuales adaptaran sus nombres al latín, ya que era la lengua de la cultura, la educación y el conocimiento en Europa. De esta manera, sus obras podían ser entendidas y reconocidas en distintos países.

El barco recibió este nombre como homenaje a **Jodocus Hondius** y a su relación con la exploración y el conocimiento geográfico. Por ello, aunque el nombre tenga apariencia latina, no pertenece al vocabulario latino original, sino que es una adaptación realizada siglos después.

El caso de **Hondius** demuestra la enorme influencia que tuvo el latín durante muchos siglos. Fue la lengua de la ciencia, la religión, la política y la educación, y por eso, muchas personas prestigiosas utilizaban versiones latinizadas de sus nombres. Hoy en día, el latín ya no ocupa el lugar central que tuvo en el pasado, a pesar de ello, sigue siendo la lengua de referencia en la creación de nuevos vocablos, sobre todo en el ámbito de las nuevas tecnologías. Además, es una lengua fundamental para comprender el origen de muchas palabras, la historia de Europa y numerosas lenguas modernas, como el español. Por ello, aunque haya quedado en un segundo plano en algunos ámbitos, el latín continúa teniendo un gran valor cultural y educativo.



Jodocus Hondius (de un grabado de 1619)



Nova Hispaniae Descriptio, mapa de Hondius con la península ibérica y Baleares, (c.1610)

Hai desastres que non son naturais

Algunhas das catástrofes medioambientais máis importantes do século XX

POR D. R. V. (1º ESO A)



Fotografía tomada de *Innova. Innovación ambiental*

O ano pasado fixen un traballo para o colexio acerca do Mar de Aral, a súa desaparición pola man do ser humano deixoume sorprendido e apesarado, pregunteime como era posible que se perdera un lago tan impresionante. Desa lembranza saíu a idea para escribir este texto, para lembrar algunhas desas catástrofes. Non están todas, desgraciadamente deime de conta que hai demasiadas.

ENFERMEDAD DE MINAMATA

Minamata é unha cidade costeira do Xapón que foi o centro dun brote de **envelenamento por metilmercurio** no ano 1956. O mercurio provoca graves danos e os síntomas son perda de función motoras, dificultade para falar, convulsións e descontrol das extremidades. Ao principio foron as mascotas as que enfermaron, sufrindo convulsións, motivo polo que lle chamaron "o mal do baile felino", hoxe en día coñécese polo nome de Enfermidade de Minamata. Pouco despois estendeuse aos humanos e **morreron 56 persoas**. A enfermidade causou miles de mortes entre os residentes do lugar e centos de casos con problemas neurolóxicos. Despois dunha investigación oficial, a causa da enfermidade era a inxestión de peixe e marisco contaminado de mercurio, que era provocado polas verteduras de augas residuais dunha fábrica de plástico chamada **Chisso Corp**. Os cálculos estiman que se verteron á baía preto de 81 toneladas de mercurio.

DESASTRE DE SEVESO

Coñécese así ao accidente industrial ocorrido en 1976 na **localidade de Seveso**, a 25 quilómetros de Milán. Unha explosión nunha planta química lanzou unha nube densa e branca liberando ao aire grandes cantidades de **dioxina TCDD**, a esta catástrofe coñéceselle como "Hiroshima de Italia". Moitos animais domésticos morreron, e en poucos días moitas perosas sentiron malestares como naúseas, vómitos ou visión borrosa.

Unhas 400 persoas tiveron a enfermidade cutánea de nome "cloracné". O chan e os vexetais foron contamiandos, e para evitar que a toxina entrase na cadea alimenticia, sacrificáronse preto de 80.000 animais que pudieron alimentarse deses vexetais. Aínda que non morreu ninguna perosa as investigacións científicas levadas a cabo mostran o **incremento do cancro nesa zona**.
As normas de seguridade industrial na Unión Europea coñécense como Directiva Seveso que se crearon a raíz desta catástrofe co fin de evitar este tipo de accidentes.



Fotografía tomada de *Ecologistas en acción*

CHERNÓBIL



Fotografía de wikipedia

Este foi o peor desastre da historia que involucrou a unha **planta nuclear**. O 26 de abril de 1986 explotou o reactor 4 da central nuclear no transcurso dunha proba de control (un simulacro de "apagamento eléctrico"). Como resultado, grandes cantidades de radiación saíron á atmosfera. Esta catástrofe **matou a 50 persoas e a 300.000 animais** de forma inmediata e a nube radioactiva foi empuxada polos ventos cara a Eruopa. Dende o incidente, a miles de persoas diagnosticáronlles cancro e ao redor da planta de Chernóbil existe unha área de restrición de máis de 30 quilómetros xa que aínda hoxe é unha **zona inhabitable**. O reactor danado foi selado e cuberto por un gran sartego de formigón, pero é preocupante a súa deterioración.
Ecólogos sinalan que a contaminación radiactiva nos territorios próximos á planta nuclear de Chernóbil durará máis de 300.000 anos.

DESASTRE DE BHOPAL

Unha fuga de **gases tóxicos** nun tanque da compañía india de pesticidas **Union Carbide India Limited (UCIL)** causou unha néboa mortal. A nube velenosa provocada por estes elementos cubriu a área e acabou coa vida de **20.000 persoas**. Ademais, **pereceron tamén miles de cabezas de gando e animais domésticos** e toda a contorna do lugar do accidente quedou seriamente contaminado por substancias tóxicas e metais pesados que tardarán moitos anos en desaparecer. Os que non morreron, enfrontáronse a cegueira, parálise, dificultad e respiratoria e trastornos neurolóxicos.

En recordo desta traxedia cada 3 de decembro conmemórase en todo o mundo o **Día Mundial do Non Uso de Praguicidas**.



Fotografía de *BBC News Mundo*

INCENDIOS DE KUWAIT

Ocorreron durane a guerra do golfo de 1991 e foron a consecuencia da decisión dos iraquís de queimar 700 pozos de petróleo como parte da chamada **táctica da "terra queimada"**. Ademais, para evitar a acción de equipos de bombeiros colocáronse minas ao redor dos mesmos e abriron os pozos derramando petróleo na zona do golfo Pérsico. A extinción de todos os incendios tardou 7 meses, e todo o golfo encheuse de fume velenoso e cinzas, diminuíndo a calidade de aire. O petróleo extendeuse ao longo de 1000 quilómetros de costa provocando graves danos en praias e fondos marinos. Formáronse lagos de petróleo que contaminaron a terra, e a degradación do medio ambiente foi tal, que moita xente tivo que abandonar o seu fogar.



Fotografía tomada de *Industry & Energy Magazine*

VERTIDO EXXON VALDEZ

En marzo do ano 1989, o petroleiro Exxon Valdez chocou co arrecife Bligh e encallou nas augas de Alaska no Prince Wiliam Sound. O seu casco abriuse e verteu máis de **40 millóns de toneladas de petróleo** na costa de Alaska. Isto provocou unha mancha de 2000 quilómetros de "marea negra", e o derrame chegou a máis de 500 quilómetros de distancia do accidente. Víronse afectados os pescadores da zona e unha enorme cantidade de especies morreron pola contaminación. Aves acuáticas, paxaros, londras, leóns de mar, marsopas e baleas, entre outros.



Fotografía *El Confidencial*

DESAPARICIÓN DO MAR DE ARAL

O mar de Aral chegou a ser un dos lagos máis grandes do mundo, o cuarto en concreto. A partir dos anos 60, a antiga URSS decidiu plantar **algodón** nas chairas desérticas dos seus arredores. Para lograr converter o sitio nun verxel desviaron con presas, encoros e canles, os dous ríos que alimentan ao devandito mar (o Amu Darya e o Sir Darya).



Fotografía *The New York Times*



Wikipedia. Vistas de satélite de 1989 e 2014. O Mar de Aral acabau dividíndose no mar de Aral Norte, que se mantén estable, e o mar de Aral Sur con risco de terminar secándose totalmente.

Moitas destas catástrofes puidéronse evitar se o ser humano tomara as medidas necesarias, pero polo menos creáronse normativas medioambientais para tratar de garantir que cousas así non volvesen suceder.

Aos máis novos tócanos aprender deses erros e facer por tratrar de evitalos.

Mellor que unha edición especial

POR S. P. L. (1º ESO A)
FOTOGRAFÍA EQUIPO DE COMUNICACIÓN



Nesta sección falamos dos tesouros que podemos atopar na Biblioteca do Seminario. Neste novo número imos presentar algo novo e moi interensante, hoxe traemos a Xaquín Lorenzo cunha edición de luxo do seu libro *Etnografia, cultura material*.

Unha edición de luxo é unha especie de edición para coleccionistas e cambia varias cousas, como que as súas dimensións son máis grandes respecto á orixinal, son de pasta dura, preséntanse en caixa, son moi limitadas, por exemplo *Etnografia* en edición de luxo só ten 333 unidades e por último ten papel cebola para protexer as serigrafías.



Eu, José Antonio Caneda Goyanes,
Notario do Ilustre Colexio de Galicia residente en Lugo,

Dou Fe: de que ao presente exemplar do libro

Etnografía
Cultura Material por Xaquín Lorenzo (Xocas)

correspondelle o número 230 da edición, única e irrepetible, numerada en arábigo e limitada a 333 exemplares de tirada mundial, editado por Boreal Edicións.

Contén esta obra 12 serigrafías en cor, 1 asinada por Alfonso Abelenda, 1 asinada por Ramón Astray, 1 asinada por Ayaso, 1 asinada por Pedro Bueno, 1 asinada por Alfonso Costa, 1 asinada por Itziar Ezquieta, 1 asinada por Javier Garaizabal, 1 asinada por Isabel Pintado, 1 asinada por Sosia Trebaca, 1 asinada por Rosa Ubeda, 1 asinada por Luisa Valdés e 1 asinada por Mercedes Vicente.

Forman parte desta mesma edición 20 exemplares, non venais, numerados en grafía romana e tinta vermella destinados a colaboradores, depósito legal e centros especializados.

Todo isto resulta da acta autorizada por min, o día 20 de outubro de 2010, baixo o número 2.505 do meu protocolo.

Na cidade de Lugo, 20 de outubro de 2010.





Xaquín Lorenzo publicou *Etnografía* no 1962, coñecido tamén como Xocas, sacou o libro para preservar un galego que estaba ao borde da desaparición, a edición de luxo sacouse no 1990.

Xocas foi un dos mellores etnógrafos, historiadores e arqueológos da historia de Galicia. Naceu o 23 de xuño de 1907 en Ourense e morreu en Lobeira (Ourense) o 19 de xuño de 1989 aos 82 anos.

A etnografía é o método de investigación no cal se estuda a cultura e o comportamento dun grupo de seres humanos.

Como se fai? Selecciónase a comunidade ou grupo a estudar, despois recoléctanse os datos do grupo, faise unha análise dos datos e por último elabórase o informe.

Este curso acábase pero invitámosvos a vir á Biblioteca do Seminario para poder ver os libros e cantidades de historias que hai aquí.

Liga interna de Baloncesto do CDSL

POR D. R. V. (1º ESO A)
FOTOGRAFÍA EQUIPO DE COMUNICACIÓN



Aquí estamos de novo, os vosos reporteiros deportivos favoritos, esta vez para informar sobre a liguiña de baloncesto. No recreo do CDSL xógase unha liguiña interna formada polos alumnos da ESO dende 1º ata 4º e alumnos de BAC.

De novo contamos coa axuda dos alumnos do ciclo deportivo de FP, e empezamos a sentir certa compaixón por eles xa que volven ter que facer de árbitros e formar os equipos.

A liga xógase nos segundos recreos dos mércores, e os equipos participantes son:
- **Sprint Final**, e os seus integrantes son A., A., M. e D.
- **Brújula Team**, que o forman S., C.Á., D. e I.
- **Aqua Team**, que o forman M., M.Q., N. e D.
- **Máxima Presa**, que o forman J., N., A. e M.G.

As regras son sinxelas, primeira: os tiros de triple valen 2 puntos e os tiros de 2 puntos valen 1; segunda, se un xogador comete unha falta non se fan tiros libres, sácase dende o medio do campo, e por último, se un partido remata en empate faise unha rolda de tiros libres ata o desempate. O resto das normas son como as do baloncesto.

Esta liga foi corta, xa que non había tantos participantes como na de fútbol, por iso non tivemos tantos partidos e acabou antes.
A final foi entre o Brújula Team e o Máxima Presa, gañou o Brújula Team, aínda que o outro equipo deulles que facer.

English never takes a holiday

E así, coma se nada, chegamos ao final do curso. Time flies!

Este terceiro trimestre non estivo cargado de actividades fóra da aula como o anterior, pero si serviu para consolidar contidos, preparar exames e intentar sobrevivir ao reported speech. Nestes tres meses houbo momentos de todo tipo: días nos que o inglés fluía facilmente e outros nos que algún listening ou algún tempo verbal nos fixeron suar máis que a vaga de calor. That's all part of the process!

Paga a pena mencionar a evolución de moitos alumnos e alumnas. Non todos avanzan ao mesmo ritmo nin da mesma maneira, pero non se trata de sacar sempre as mellores notas. Ás veces os avances máis importantes son atreverse a participar máis, perder o medo a falar en inglés ou esforzarse cando as cousas se complican. E diso tamén houbo moito.

Entre as actividades deste trimestre queremos mencionar a sesión de American Football para o alumnado de 4º de ESO e 1º de Bacharelato organizada por Shannon. Foi unha oportunidade para coñecer algo máis da cultura estadounidense e aprender vocabulario novo. Hike!

Tamén queremos desexarlle moita sorte ao alumnado que se presenta aos exames de Cambridge e Oxford nestas semanas. Agora chega o momento de demostrar todo o aprendido. Best of luck!

Para rematar, queremos agradecer o traballo realizado polo alumnado ao longo do curso. Uns chegaron moi lonxe, outros tiveron que esforzarse un pouco máis e algúns aínda teñen cousas por mellorar, pero así funciona a aprendizaxe. O importante é seguir avanzando.

Agora toca descansar, desconectar un pouco do present perfect e dos phrasal verbs e gozar do verán, pero iso non significa esquecer o inglés ata setembro. Ao contrario! As vacacións son unha boa oportunidade para seguir practicando: xa sexa durante unha viaxe, vendo series e películas en versión orixinal, escoitando música, lendo un libro, seguindo contido nas redes sociais ou mesmo xogando aos videoxogos favoritos. Every little bit helps!

See you in September!





As Quedadas na Casiña de Ler



Este curso estreamos unha actividade extraescolar pensada para potenciar o ámbito cultural das letras e do pensamento do CDSL, tendo como centro un espazo moi especial do colexio: a Casiña de Ler.

A Casiña non é unha aula máis. É un lugar que o alumnado de Secundaria e Bacharelato coñece ben, porque moitos xa o frecuentan nos recreos, e no que se senten a gusto. Entre libros, cores e peluches, a biblioteca convértese nun espazo acolledor e relaxado, no que resulta máis doado conversar, ler, escribir, compartir ideas e deixarse levar pola imaxinación.
Desde ese ambiente próximo nace esta proposta, que combina diferentes liñas de traballo: club de lectura, coloquios sobre cine, análise de imaxes e obras artísticas, escritura de guións, improvisación teatral, creación de monólogos e actividades de expresión oral. Non se trata só de ler máis, senón de ampliar a relación do alumnado coa palabra: ler, comentar, argumentar, escribir, interpretar e compartir.

Nas sesións dedicadas ao teatro e á improvisación, os participantes traballaron a voz, a presenza escénica, o xesto e a construción colectiva de pequenas escenas. A partir de situacións dadas, personaxes obrigatorios ou conflitos absurdos, tiveron que organizar unha historia, escoitar as propostas dos demais e reaccionar sen perder o fío da escena. O resultado foi un traballo serio, pero tamén cheo de humor, espontaneidade e ganas de participar.
A escritura tamén ocupou un lugar importante. O alumnado elaborou guións, contos de medo e monólogos, prestando atención á estrutura, ao ton, ao punto de vista e ao remate. Unha situación cotiá levada ao absurdo serviron como punto de partida para crear textos narrativos e dramáticos propios.
Outro bloque de traballo estivo centrado no cine, na arte e nos medios de comunicación. A partir de vídeos, imaxes e propostas sobre a desinformación, os alumnos analizaron mensaxes, distinguiron titulares fiables de titulares sensacionalistas e practicaron a redacción de noticias con datos, fontes e formulación rigorosa. Así, a actividade tamén abriu espazo para falar do que vemos, do que lemos e da maneira en que recibimos a información.









O club de lectura completou o itinerario das Quedadas, ofrecendo un tempo para comentar libros, recomendar lecturas e compartir impresións sobre o libro *Invisible*, de Eloy Moreno, que espertou fondas reflexións entre os alumnos.

Con estas propostas, as Quedadas na Casiña de Ler van consolidando a biblioteca escolar como un espazo cultural activo dentro do colexio. Un lugar no que o alumnado se achega aos libros, pero tamén aprende a formular preguntas, defender ideas, crear textos propios e expresarse diante dos demais con maior seguridade.

O Mes das Letras, a gran festa da lectura no CDSL



Entre o 23 de abril e o 17 de maio, o Colexio Diocesano San Lorenzo celebrou unha nova edición do Mes das Letras, unha proposta que transformou corredores, aulas e espazos comúns nun auténtico encontro coa lectura.

A actividade central deste ano foi «Un libro cada día», unha invitación diaria a descubrir novas historias, autores e xéneros. Cada xornada estivo dedicada a unha obra diferente, presentada mediante carteis elaborados especificamente para a ocasión, unha breve explicación nas aulas e unha actividade relacionada coa lectura. O percorrido comezou cun clásico de Cervantes e rematou cunha proposta vinculada ao Día das Letras Galegas, ofrecendo ao alumnado unha mostra ampla e variada da riqueza da literatura.

Ao longo destas semanas houbo espazo para os clásicos universais, como *La Odisea*; para novelas contemporáneas como *La sombra del viento* ou *La sonrisa etrusca*; para o humor intelixente de Miguel Gila ou Eduardo Mendoza; para a literatura galega representada por autoras como Begoña Caamaño e Ledicia Costas; e mesmo para propostas relacionadas co cine, a poesía, o teatro ou a narrativa breve.

Un dos aspectos máis visibles da celebración foi a creación de diferentes recunchos temáticos de lectura, que permitiron relacionar os libros con ámbitos moi diversos da cultura e dos intereses do alumnado. Así, xunto ás obras literarias apareceron espazos dedicados ao mundo do motor, acompañados de revistas especializadas e miniaturas de coches deportivos, ou propostas arredor da gastronomía e da literatura relacionada coa cociña. O obxectivo era mostrar que a lectura pode estar presente en calquera ámbito da vida e que existe un libro para cada lector.

Especial acollida tivo tamén a iniciativa «CDSL Loves Books», unha galería formada por alumnado, profesorado e persoal do centro recomendando os seus libros favoritos ou as lecturas que estaban a realizar nese momento. A exposición converteuse rapidamente nun dos puntos máis visitados do colexio, xerando conversas, recomendacións espontáneas e novas lecturas compartidas.

O Mes das Letras permitiu, unha vez máis, facer visible que a lectura segue ocupando un lugar central na vida do centro. Durante varias semanas, os libros saíron das estanterías para instalarse nos corredores, nas aulas e nas conversas cotiás, converténdose nunha oportunidade para descubrir novas historias, compartir experiencias lectoras e seguir formando lectores curiosos e críticos.



CDSL ♥ BOOKS


DESCUBRE
LA ODISEA
El viaje inmortal de Ulises
Una aventura de dioses, monstruos, tempestades y nostalgia.
Un clásico que sigue hablándonos del valor, la inteligencia y el deseo de volver a casa.
ATRÉVETE A EMBARCARTE
EN ESTA GRAN LECTURA.
Homero
La odisea


¡SÉ TÚ MISMO!
DIFERENTE
ELOY MORENO
¡HAZLO ÉPICO!


MÊS DAS LETRAS
HAMNET





O Club de Ciencia: “A Forxa”

No Club de Ciencia do centro (que bautizamos co nome de A Forxa), realizamos experimentos e traballos que tamén presentamos a este certame. Un dos proxectos deste ano titulouse Química de Cores e consistiu en organizar unha especie de espectáculo onde as solucións cambiaban de cor de forma aparentemente máxica, para despois darlle unha explicación científica a eses cambios.







Realizáronse tres reaccións principais:

1. A reacción do camaleón: mesturando unha solución moi diluída de permanganato potásico con outra de azucre con algo de sosa (hidróxido de sodio), conseguíase que a cor mudase dende o violeta ao azul escuro, verde, laranxa e amarelo. É unha experiencia moi espectacular porque todo o proceso de cambio dura apenas uns 10 ou 15 segundos, e aos rapaces encántalles esa “maxia”.

2. Cambio de cor e desprendemento de gases: nesta experiencia, unha mestura de sulfato de cobre con amoníaco pasa de presentar un ton azul escuro a un verde claro. Ao engadir unhas pingas de ácido clorhídrico, despréndense uns “gases” brancos que simulan unha ebulición (aínda que non se trata dunha ebulición térmica nin de vapor de auga). É o resultado da formación dunha substancia non tóxica chamada cloruro amónico, cuxo proceso de creación resulta moi interesante de explicar no laboratorio.

3. Identificación de glicosa: a terceira experiencia serviu para identificar a presenza de glicosa en solucións acuosas, empregando o mesmo principio que se usa para detectar a diabetes en fluídos corporais. A práctica consistía en preparar o reactivo de Benedict e mesturalo coa mostra; se hai glicosa, o reactivo vira do azul verdoso ao laranxa, mentres que se non hai, mantén a súa cor azul orixinal. Este cambio confirma o indicio de que a persoa podería padecer diabetes ou algunha complicación relacionada.

No laboratorio tamén se fixeron outras tarefas, como observar ao microscopio o crecemento celular en capas de cebola. Así mesmo, no taller construíronse maquetas, fixéronse impresións en 3D, deseñáronse máquinas simples, buxainas e circuítos, fabricouse papel reciclado e montouse unha radio FM semi-artesanal, entre moitas outras cousas.
Finalmente, no Club de Ciencia levouse a cabo a construción dun terrario no que os alumnos tiñan que preservar unhas condicións óptimas de humidade e temperatura. O terrario está vixiado cunha cámara co obxectivo de criar insectos nel e observalos.







Proyecto de Fotografía en Tecnología



Este último trimestre, en el área de Tecnología, hemos querido ir un paso más allá y conectar los contenidos trabajados en clase con la vida cotidiana de nuestro alumnado. Aprovechando que estábamos estudiando las rectas paralelas y perpendiculares, organizamos un concurso de fotografía muy especial.

El reto era sencillo pero estimulante: capturar imágenes de su día a día en las que aparecieran elementos formados por rectas paralelas y otras por rectas perpendiculares. Desde edificios y vallas hasta cuadernos, señales o mobiliario urbano, los estudiantes descubrieron que las matemáticas están mucho más presentes en su entorno de lo que imaginaban.

Con todas las fotografías recibidas elaboramos un mural expositivo, abierto a toda la comunidad educativa, que pudo disfrutar de las imágenes y votar por sus favoritas.

El día de la celebración del aprendizaje realizamos el recuento final y obtuvimos dos ganadores:

- M., en la categoría de paralelas.
- S., en la categoría de perpendiculares.

Más allá del concurso, la experiencia permitió que los alumnos observaran su entorno con una mirada más analítica, relacionando los contenidos vistos en clase con situaciones reales y descubriendo que la tecnología y la geometría también cuentan historias cuando sabemos dónde mirar.


PARALELAS
FUNDACIÓN
NITES


PARALELAS
PERPENDICULARES
VALE POR
VALE POR

Una profesión que cuida, acompaña y actúa

FOTOGRAFÍA POR EQUIPO DE COMUNICACIÓN

Hay aprendizajes que van más allá del aula y que conectan directamente con la realidad. Así lo ha vivido el alumnado del Ciclo Formativo de Grado Medio en Emergencias Sanitarias en una formación práctica basada en la resolución de casos reales.

A lo largo de la actividad, los estudiantes se enfrentaron a diferentes situaciones de emergencia muy realistas, trabajando aspectos fundamentales de la intervención sanitaria; como la valoración del entorno, la atención inicial, la comunicación con el centro de destino y la actuación ante distintas urgencias habituales (traumatismos, hemorragias, reacciones alérgicas, quemaduras, atragantamientos...) o situaciones que requieren apoyo psicológico. Todo ello les permitió acercarse de forma muy completa a la realidad profesional de los Técnicos en Emergencias Sanitarias.

Una experiencia muy enriquecedora que les ha permitido comprender la importancia de la preparación, la coordinación y, sobre todo, la cercanía con las personas a las que atienden en cada intervención. Desde el centro queremos felicitar al alumnado por su implicación, su actitud y el excelente trabajo realizado durante toda la actividad práctica.

Formarse en Emergencias Sanitarias no solo implica adquirir conocimientos técnicos; sino también aprender a actuar con responsabilidad, trabajar en equipo y estar al servicio de los demás en momentos en los que más se necesita.

Un ciclo pensado para quienes sienten la vocación de cuidar, acompañar y estar al servicio de los demás allí donde se les necesite.



JORNADA ACUÁTICA EN EL RÍO MIÑO

FOTOGRAFÍAS POR EQUIPO DE COMUNICACIÓN



El alumnado de 2º y 3º de ESO ha disfrutado de una enriquecedora jornada deportiva en colaboración con el Club de Piragüismo Cidade de Lugo. La actividad, desarrollada durante la mañana en el río Miño, permitió a los estudiantes iniciarse en distintas modalidades acuáticas como el barco dragón, el kayak y el paddle surf.

A lo largo de la jornada, los participantes no solo aprendieron las nociones básicas de cada disciplina, sino que también pusieron en práctica valores como el trabajo en equipo y el respeto por el medio ambiente. El barco dragón, en particular, destacó por fomentar la colaboración entre compañeros, ya que exige un esfuerzo sincronizado de todos los integrantes.

ALUMNOS DE 2º Y 3º ESO EN EL RÍO MIÑO A SU PASO POR LA CIUDAD DE LUGO





La jornada estuvo marcada por un clima caluroso que, lejos de ser un inconveniente, contribuyó a que el alumnado disfrutara aún más de las actividades acuáticas. Entre risas, esfuerzo y compañerismo, los estudiantes vivieron una experiencia que combina deporte, naturaleza y convivencia.

Sin duda, este tipo de iniciativas refuerzan el aprendizaje más allá del aula y dejan una huella muy positiva en todos los participantes.

Ofrenda mariana

FOTOGRAFÍAS POR EQUIPO DE COMUNICACIÓN



En el mes de mayo, mes de María, participamos en la ofrenda mariana celebrada en la Catedral de Lugo.
Cada alumno ofreció una flor a María, la Virgen de los Ojos Grandes, como gesto de cariño y también llevando consigo intenciones, preocupaciones y agradecimientos compartidos por alumnos y familias. Poco a poco, todas las flores fueron formando un gran centro floral a sus pies.
Don Luis nos recordó una idea muy presente en nuestro colegio a lo largo de este curso: ante la mirada de María, cada persona tiene un valor infinito. Una reflexión muy unida también al lema que nos acompaña este año: “Tú vales”.

La jornada se completó con el rezo del Santo Rosario por la paz en el mundo, meditando los misterios gloriosos propios del miércoles y recordando la Ascensión de Jesús a los cielos.

Fue una mañana sencilla y especial, compartida entre alumnos y profesores, en la que pudimos detenernos, rezar juntos y poner nuestro curso bajo la mirada de María.















COMPARTIENDO LA ALEGRÍA DEL CORPUS CHRISTI

FOTOGRAFÍAS POR EQUIPO DE COMUNICACIÓN

Hay días en el calendario escolar que se guardan de forma especial en la memoria, no solo por lo que hacemos, sino por lo que nos hacen sentir. La reciente celebración del Corpus Christi ha sido, sin duda, uno de ellos. Una jornada en la que la comunidad educativa de nuestro Colegio Diocesano San Lorenzo se vistió de gala para unirse al corazón de toda la Iglesia.

El punto de encuentro no pudo ser más imponente ni más acogedor: nuestra Catedral de Lugo. Unidos todos los centros de la Fundación Nites, compartimos una celebración muy especial en la que el Señor Obispo nos regaló una reflexión tan cercana como profunda :

“En esta gran casa común que es la Iglesia caben todos los idiomas unidos en una única fe”.



La ofrenda floral fue un momento precioso, los alumnos llevaron sus flores como reflejo de una gratitud sincera.
Una mención muy especial merece nuestro coro. Sus voces, ensayadas con tanto mimo, sonaron verdaderamente estupendas, elevando la solemnidad de la ceremonia y emocionando a todos los presentes. ¡Qué orgullo de alumnos!

El broche de oro de este día tan especial lo pusieron la convivencia y los juegos en el patio, donde las risas y los reencuentros entre los alumnos de los distintos colegios demostraron que compartimos mucho más que unas siglas: compartimos un mismo espíritu.

Desde estas páginas de la revista *Laurentina*, queremos trasladar nuestro más sincero agradecimiento a los sacerdotes, profesores y a todos los alumnos por hacer que el día del Corpus se quede grabado para siempre en el corazón de nuestra comunidad.









El verdadero tesoro de nuestro colegio

FOTOGRAFÍAS POR EQUIPO DE COMUNICACIÓN



Crónica de una tarde inolvidable: Eucaristía, Graduación y el eco de una certeza que nos acompaña: "Tú vales".

El final de un curso escolar siempre llega envuelto en una mezcla de prisas, balances y carpetas que se cierran. Sin embargo, cuando la comunidad del Colegio Diocesano San Lorenzo se reúne para celebrar su fiesta de fin de curso, el tiempo parece detenerse para dar paso a lo verdaderamente importante. El curso 2025-2026 ya es parte de nuestra historia, y lo hemos despedido de la mejor manera posible: compartiendo la vida, dando gracias y celebrando el crecimiento de nuestros alumnos.

Donde todo cobra sentido

La tarde comenzó en el polideportivo, transformado para la ocasión en un espacio de recogimiento y oración. La celebración de la Eucaristía, el corazón de nuestra identidad diocesana, nos invitó a poner en manos de Dios todo lo vivido estos meses.

Durante la homilía, nuestro director, Don David, nos regaló una reflexión que caló profundamente en el corazón de todos los presentes. Nos invitó a mirar más allá de las clases, los exámenes, las tareas o las tutorías cotidianas. "Si miras en lo profundo, nos recordaba, hay historias, personas, esfuerzos y talentos". En un mundo que a veces nos empuja a la comparación o al éxito rápido, se nos recordó una verdad reconfortante: "Jesús conoce nuestro corazón, nuestra vida es un tesoro para Dios y para los demás, mucho antes de nuestras notas, de nuestros aciertos o de nuestras equivocaciones".

Esa es, en esencia, la misión del San Lorenzo: ser un lugar donde se trabaja y se exige, sí, pero donde por encima de todo se acompaña, para que un día cada alumno pueda echar la vista atrás y decir: "Estuve allí, aprendí muchas cosas pero, sobre todo, descubrí que mi vida tiene valor y que hay Quien me mira con amor".





Una beca, mil historias detrás

Tras la comunión y las canciones compartidas, llegó el momento de la emoción a flor de piel: el acto de graduación. Ver a nuestros alumnos listos para recibir la beca del colegio es ser testigos de cómo los hijos crecen, y para nosotros, como comunidad educativa, es un absoluto privilegio haberlos acompañado en este tramo del camino.

Detrás de cada beca impuesta hay un trabajo inmenso. Horas de preparación, desvelos, reuniones y un compromiso del profesorado que deja una huella imborrable. Pero, sobre todo, hay una historia compartida entre compañeros y profesores; recuerdos que, con el tiempo, irán madurando y ocupando su lugar en el corazón de los nuevos graduados.

A ellos les recordamos que las puertas del colegio permanecen abiertas: el San Lorenzo será siempre vuestra casa.

Celebrar es compartir

La jornada no podía terminar de otra manera que en el patio, el lugar donde se teje el día a día de la convivencia. Entre pinchos, refrescos y el sol de la tarde, el patio se llenó de reencuentros, de conversaciones tranquilas entre familias y profesores, de risas de complicidad y de felicitaciones. Compartir la mesa es también celebrar que somos una gran familia.

Queremos expresar nuestro agradecimiento más sincero a todas las familias por confiar el tesoro de vuestros hijos al Colegio Diocesano San Lorenzo. Gracias por caminar a nuestro lado.

Cerramos las aulas por unas semanas, agradecidos por todo lo que este curso nos ha hecho crecer, por las alegrías y por los esfuerzos. Nos despedimos con el deseo de que este verano sea un tiempo de descanso y alegría en familia. ¡Feliz verano a todos!




















COLEXIO DIOCESANO SAN LORENZO
Seminario Menor de Lugo


982 223 932
COLEXIO DIOCESANO SAN LORENZO
Seminario Menor de Lugo


COLEXIO DIOCESANO SAN LORENZO
Seminario Menor de Lugo












www.sanlorenzolugo.org
982 223 932








982 225 932















ACTIVIDADES VOZ NATURA



Voz Natura é un certame que organiza o xornal La Voz de Galicia baixo o patrocinio da Fundación Santiago Rey Fernández de la Torre. Levamos participando neste programa uns 25 anos e desenvolvemos moitos proxectos relacionados con el porque estamos convencidos de que fomentar o coidado do medio ambiente e a vida saudable é fundamental para a educación dos nosos alumnos. A continuación, presento un resumo das actividades que desenvolvemos neste curso para participar en Voz Natura.

Estudo do cambio climático en 1º de Bacharelato

Comezo por unha actividade que tivo unha gran repercusión no curso de 1º de Bacharelato e da que se fixo eco a prensa local: un estudo sobre o cambio climático en diversas localidades de Galicia.

Moitos afirman que sufrimos un cambio climático severo que nos está conducindo a un clima moi distinto do que tiñamos hai poucos anos; porén, tamén hai xente que nega este cambio ou que afirma que é un proceso normal da natureza. Por iso, dende un punto de vista científico, quixemos abordar o tema de xeito persoal. Empregamos datos orixinais sacados de estación meteorolóxicas de Meteogalicia para calcular polos nosos medios se é tan severo como din o cambio climático e en que liña está mudando o clima na nosa terra.

Deste xeito, os alumnos de Matemáticas de 1º de Bacharelato realizaron un traballo consistente en estudar como varían a temperatura e a pluviometría nunha área concreta de Galicia. Tomando como exemplo o caso de Lugo, escolleron os datos dunha estación meteorolóxica durante períodos de seis, dez, quince ou vinte anos para avaliar a evolución destes parámetros (temperatura e pluviosidade). Os rapaces recolleron esta información, tratárona en follas de cálculo e elaboraron unhas gráficas con datos reais recollidos día a día.

A través deste cálculo observouse que o aumento da temperatura en Lugo rolda os 0,8 °C por década, e máis ou menos é xeral en toda Galicia. Este é un valor moi preocupante porque significaría que, de seguir así, en 100 anos a temperatura media de Lugo subiría 8 °C. Trátase dun cambio brutal, xa que as estimacións máis optimistas das axencias internacionais de meteoroloxía prevén, no peor dos casos, un aumento de 3 °C centígrados en cen anos, unha cifra que xa queda moi lonxe do que se pretendía nos cumios do clima de Kyoto (COP3, 1997), de París(COP21, 2015), Bakú (COP29, 2024) e Belém (COP30, 2025).



Cambios nos patróns de choiva e fenómenos meteorolóxicos

Ao avaliaren as gráficas de pluviosidade (o que chove en cada lugar), observamos que a cantidade de chuvia non é inferior dun ano para outro, senón que se mantén máis ou menos constante; o que si cambia é o xeito de chover. En vez de rexistrarse precipitacións distribuídas ao longo do ano de forma normal —máis intensas no inverno, na primavera e no outono, e menos no verán—, agora os veráns e as primaveras adoitan ser moi secos, mentres que os invernos e os outonos son moi chuviosos, pero con precipitacións puntuais máis intensas. É dicir, chove a mesma cantidade ou máis, pero acumulándose en días concretos.
Por outra banda, tamén se observa unha diminución dos días de xeada (días nos que a temperatura media baixa dos 0 °C) e dos días de neve. Así mesmo, rexístrase unha redución do resío (ou orballo de condensación) que, segundo expertos como Xavier Fonseca e outros científicos, está en vías de extinción en Galicia. Cómpre lembrar que o resío é un tipo de precipitación moi importante para manter vivos os ecosistemas, xa que se produce a nivel do chan e serve para manter frescas as plantas pequenas e a vexetación.

Grazas a esta actividade de Voz Natura, o xornalista científico Xavier Fonseca, que escribe sobre medio ambiente e meteoroloxía no devandito xornal, achegouse ao noso centro para impartirnos unha conferencia precisamente sobre o cambio climático. Na súa intervención empezou falando de como afecta a corrente en chorro (que vai de oeste a este na zona europea) ao clima de Galicia, e de como as súas perturbacións fan que as condicións meteorolóxicas cambien. Explicounos as loiadas e ditos dos negacionistas máis habituais e a súa contestación científica. Tamén nos explicou que o cambio climático que estabamos observando cos nosos cálculos é unha realidade e que deberiamos tomar medidas activas para paliar esta situación.



Colaboración co CSIC: Detectives das crises climáticas

Outra actividade que realizamos no marco de Voz Natura foi en colaboración co CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas), titulada “Detectives de las crisis climáticas y medioambientales”.

Esta colaboración consistiu en realizar varias actividades nas que se estudou o cambio climático. En realidade, son propostas útiles para calquera idade e serviron para poñer a proba os coñecementos e as inquedanzas dos nosos alumnos da ESO respecto a este asunto.
As actividades elixidas foron as seguintes:
-Mitos e falacias sobre o clima: Dúas sesións sobre que é o cambio climático, que loiadas (bulos) circulan sobre este tema e cal é a resposta científica que se debe dar a estas falacias.
-Identificación científica: Como identificar o cambio climático a través da ciencia e de datos contrastados, superando as simples opinións. Na clase levamos á práctica esta experiencia: os rapaces tiñan que identificar fósiles de diatomeas, contalos e clasificalos e, en función do reconto, determinar a temperatura que había nesa época do pasado onde viviron (se o clima fora frío, temperado ou cálido). Para isto último, os científicos do CSIC ensináronnos como se estuda o paleoclima: dende a análise de estalactitas para ver como medraron, ata o estudo dos aneis das árbores (que se desenvolven mellor nos períodos cálidos) ou o reconto de diatomeas. Estas últimas son algas microscópicas que medran en lagoas, ríos e mares. Os científicos colleron mostras nunha lagoa illada dos Pirineos para que non se visen afectadas pola contaminación humana. Ao facer o reconto destas algas, puidemos saber se o clima cambiou e en que sentido (se é máis cálido ou máis frío ca no pasado).



Todas estas probas indícannos que o clima está cambiando de xeito repentino, e ese é o verdadeiro problema. En poucos anos, o cambio térmico vai ser brutal e as especies van sufrir un estrés profundo que dificultará a súa adaptación e supervivencia. A onde nos levará isto? Seguro que a problemas serios. Debemos entender que Galicia é un refuxio climático... de momento.

O CSIC dispón de máis actividades pedagóxicas na súa páxina web e agardamos poder continuar desenvolvéndoas en cursos posteriores, xa que consideramos que son moi útiles e están moi ben planificadas para que os alumnos aprendan.

https://www.recursosdivulgacion.csic.es/proyectos/detectives-de-crisis-climaticas-y-medioambientales



Recuperación de tradicións e consumo responsable

Outra das liñas de traballo que presentamos a Voz Natura céntrase en recuperar tradicións e aspectos etnográficos e culturais propios da nosa terra, os cales van parellos ao coidado do medio natural. Neste eido encádrase a recuperación de celebracións coma o magosto, o cultivo dunha horta escolar ou o coidado de plantas e animais. Promovemos estas actividades porque contribúen a poñer en contacto os rapaces co mundo natural que tamén é poñer en valor o paraíso no que vivimos. Opinamos que aquilo que non se coñece non se valora e, polo tanto, tampouco se coida.

Isto hai que evitalo desde e cómpre fomentar o coñecemento do medio que nos foi dado e tamén do xeito que chegou en bo estado ata nós.

Consideramos importante dar valor a certas tradicións e a hábitos diarios, como poden ser a limpeza e a hixiene do recinto escolar (por exemplo, non tirando lixo ao chan, recollendo os refugallos, aproveitando a comida ou evitando o consumo de produtos ultra-procesados e envasados), favorecendo así o consumo de produtos naturais ou elaborados de forma artesanal. Isto planificámolo a través dunha actividade chamada Consumo responsable, na que os rapaces tiveron que analizar e comentar unha serie de carteis con imaxes que mostraban hábitos e defectos da sociedade moderna que prexudican o medio ambiente e que van en contra da sustentabilidade.








Bateria de lixivia


GO

Saídas de estudo e expedicións ao medio natural

A primeira delas tivo lugar no mes de decembro; a pesar do risco de chuvia, tivemos sorte co tempo. Fixemos unha pequena expedición ao río Rato, un afluente do Miño que forma parte da zona
protexida da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Nesta saída, os alumnos do ciclo de Formación Profesional de Guía no Medio Natural e de Tempo Libre acompañaron os estudantes de 1º e 2º da ESO exercendo de guías. Todo este traballo complementouse coa realización dun caderno de campo que servía de guía para resolver os retos sinalados.

Prepararon diversas actividades lúdicas e de aprendizaxe nas que os alumnos debían:
-Identificar plantas invasoras que poden deteriorar o medio natural e os ecosistemas protexidos, distinguindo entre especies autóctonas e alóctonas (foráneas).
-Recoñecer plantas medicinais do contorno que se usaron (ou se usan) como remedio curativo, elemento dietético ou recurso útil para a vida diaria, e que moitas veces pasan desapercibidas (como a menta, a caléndula ou a malva).
-Avaliar o estado de conservación do ecosistema, identificando posibles agresións ou detectando especies invasoras. Nesta saída, os alumnos atoparon unha especie exótica en Galicia: un melro pinto (Turdus torquatus), un exemplar moi estraño de ver por aquí.
-Realizar exercicios de concentración para escoitar os sons do ambiente e os cantos dos paxaros, así como actividades de orientación para identificar os puntos cardinais.



Outra das saídas programadas foi ao Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía (MUNCYT) da Coruña. Alí, os alumnos de 2º e 3º da ESO participaron en varios obradoiros facilitados por un colaborador do centro, David. Nestes talleres explicábaselles, por exemplo, por que os líquidos se moven dunha botella cara outra na fonte de Herón, tamén nos fixo experimentos sobre os principios de presión e de baleiro, ou como funcionan determinados mecanismos físicos.

Tamén nos ensinou as turbinas dun avión, explicounos o seu funcionamento e visitamos o interior do avión Lope de Vega, o histórico aparato que transportou o Guernica de Picasso dende Nova York ata o Museo Reina Sofía de Madrid. Nesta visita os rapaces tamén deberon completar un caderno didáctico con preguntas sobre os contidos explicados, resultando unha actividade moi proveitosa e ben desenvolvida.



Los alumnos que investigan el cambio climático todos los días

Estudiantes del Colexio Diocesano de Lugo hacen un seguimiento diario del tiempo


Alumnos del Colegio Diocesano de Lugo-San Lorenzo que participan en Voz Natura.

VOZ NATURA
www.voznatura.es

CRISTÓBAL RAMÍREZ

Hace hoy dos semanas que se presentó en el Padre Sarmiento, en Santiago, la guía didáctica *Detectives de crisis climáticas y medioambientales*, y Voz Natura tuvo mucho que ver con ello. «Animounos», reconoce ya de entrada Miguel Leiva Torreiro, profesor de Física y Matemáticas en el Colexio Diocesano de Lugo-San Lorenzo y coordinador de Voz Natura en dicho centro. Pero el mérito, sin la menor duda, es suyo, fruto de una dedicación constante e intensa durante muchos años justamente a esta divulgación entre la gente joven de los peligros del cambio climático. «Aquilo que non se coñece non existe e, se non existe, non ten importancia», explica.

La guía la elaboraron desde el CSIC (Consejo Superior de Investigaciones Científicas) y en el San Lorenzo la pusieron en práctica los cursos de la ESO y también en primero de bachillerato. Trabajaron con los contenidos, pero los ampliaron a una investigación particular: cada alumno se encarga de un trabajo de demostración del cambio climático en una localidad gallega. Pero ese trabajo no es algo concreto de un momento, sino constante, desde enero, y les cuenta como nota en la tercera evaluación. «Cada un ten que elixir unha localidade galega e medir ou ben a temperatura ou ben a temperatura e a pluviosidade», y Leiva —que comenzó con esta iniciativa hace seis años— insiste en que «este non é un traballo anecdótico» para los veinticuatro alumnos que participan. Esta labor cobra más relevancia ahora mismo, ya que este viernes es el Día Mundial del Clima.

Leiva reflexiona sobre lo que califica de «tempos de incerteza», y denuncia que «circulan polas redes, e nalgúns medios sensacionalistas, moitas loiadas acerca do cambio climático, e hai voces interesadas en quitarlle ferro a este fenómeno e moitos caen na trampa da desidia». Y cuando se le pregunta el porqué, lo tiene muy claro: «Porque o máis doado é non facer nada».

El profesor del Colexio Diocesano lucense resume: «Ante o reto de construír unha sociedade libre e ben formada, cómpre dedicar unha atención especial ao coidado da natureza, porque é a casa onde vivimos e da que vivimos», y pide que todo el mundo se esfuerce en dejar para el futuro un planeta más acogedor y amable. «Por isto é fundamental que nas escolas se fomenten actividades obxectivas que permitan un axeitado coñecemento do mundo natural e que axuden a afondar no problema do cambio climático —añade—. Nisto consiste esta guía didáctica que comparte con nós o CSIC, pois é un xeito de achegar o coñecemento e a experiencia dos científicos de elite ás aulas».

La siguiente pregunta, en conversación después del acto del Padre Sarmiento, fue por qué ese título de la guía. «Penso que é particularmente axeitado porque invita aos máis novos a comprometerse no coidado da casa común, a seren investigadores —respondió Miguel Leiva—. A ciencia ben entendida non só se limita a recompilar datos, formular explicacións e facer previsións; tamén ten que mover conciencias».

El centro participa también en Naturacción, un programa de Voz Natura patrocinado por la Fundación Alcoa con el respaldo de Alcoa San Ciprián y la colaboración de la Consellería de Educación. Desde ese centro el profesor Leiva remata: «Se ti, cos teus medios, observas que a temperatura media en Galicia está subindo 0,4 graos Celsius por década, quedarías sen facer nada?». Todo un llamamiento a la acción directa, algo que está en el ADN de Voz Natura desde que empezó, hace tres decenios (menos un año, para ser exactos), como una iniciativa de La Voz de Galicia y la Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre y que cuenta con el apoyo y respaldo de la Xunta de Galicia, la Diputación de A Coruña, la Fundación Alcoa, El Corte Inglés, la Fundación Ramón Areces e Inditex.

EDUCACIÓN VOZ NATURA NOS CENTROS EDUCATIVOS LUCENSES

Alumnos de Lugo utilizan como aula a reserva da biosfera Terras do Miño

O colexio San Lorenzo organiza unha ruta didáctica polo paseo do río Rato

Voz Natura
www.voznatura.es

FRANCISCO ALBO
LUGO / LA VOZ



Os estudantes realizaron varias actividades nun percorrido de seis quilómetros. FOTOS: ÓSCAR CELA

O paseo do río Rato —encadrado na reserva da biosfera Terras do Miño— foi escenario esta semana dunha das actividades de educación ambiental que organiza o colexio San Lorenzo de Lugo co apoio do programa Voz Natura. A iniciativa tiña unha dobre finalidade, segundo apunta o profesor Miguel Leiva. Por un lado, dar a coñecer aos estudantes de primeiro e segundo de ESO os valores naturais deste espazo. «Esta actividade tamén serviu para que fixesen prácticas os alumnos do noso ciclo medio de FP de orientación e guía de medio natural e tempo libre, porque foron eles os que se encargaron de organizar e guiar os rapaces», explica.

Durante un percorrido que cubriu un traxecto de seis quilómetros, os alumnos tiveron que realizar cinco tarefas. Divididos en cinco grupos, todos puideron participar nestas actividades. Unha delas consistiu en recoller os desperdicios que encontrasen no camiño, clasificándoos en diferentes tipos —plásticos, latas, residuos orgánicos...— e tamén identificar as agresións que pode sufrir este espazo, ademais da sucidade.

Os alumnos dedicáronse por outra parte a buscar e identificar plantas invasoras, para o que utilizaron un manual provisto de fotografías. E tamén identificaron diferentes especies de vexetais con propiedades medicinais, tanto plantas como árbores. Para poder observar de lonxe algunhas variedades arbóreas ían equipados con prismáticos. Entre as especies que puideron localizar están o salgueiro —orixe do ácido acetilsalicílico—, o mexacán, a menta, a malva e a correola ou lingua de ovella.



Os alumnos identificaron sobre o terreo diversas especies vexetais

Outras das tarefas consistiu en identificar os sons ambientais —de orixe natural ou humana—, para o cal os diferentes grupos se mantiveron durante un tempo en completo silencio. Así mesmo, os alumnos realizaron prácticas de orientación mediante as características do entorno e calcularon as alturas das árbores.

A xornada deu tamén lugar a un curioso achado, xa que os alumnos puideron observar un exemplar dunha ave que —segundo comprobaron máis tarde— pertence a unha especie que normalmente non está presente no territorio galego. Trátase do merlo de colar ou merlo papobranco (*Turdus torquatus*), en castelán mirlo papiblanco. Estes paxaros viven en diversas rexións de Europa, pero na península ibérica a súa presenza limítase a certos territorios da cornixa cantábrica e dos Pireneos, e tamén inverna nos montes de Teruel, a Serranía de Ronda —en Málaga— e as illas Baleares.

Unha vez finalizado o percorrido, os estudantes realizaron un test para avaliar o que aprenderon durante a xornada e indicar cales foron os aspectos que máis lles chamaron a atención, e tamén para valorar o traballo realizado polos seus guías de FP.

Cultivos hortícolas e experimentos científicos

Entre as actividades de educación ambiental previstas para este curso no colexio San Lorenzo figura a creación dun pequeno horto escolar. O centro xa dispón na localidade de Santa Comba dunha finca na que se crían galiñas, pero esta actividade está agora interrompida debido ás restricións sanitarias vixentes. O colexio está acondicionando tamén outro terreo para crear un horto educativo na parroquia de Bóveda. «Este lugar é moi interesante, porque o bus urbano chega ata alí, así que os rapaces que o desexen poderán ir cultivar a súa parcela cando queiran, fóra do horario escolar», sinala Miguel Leiva. Hai arredor dun mes, por outro lado, os estudantes restauraron varios apeiros de labranza que se empregan nos labores hortícolas, dotándoos de novos mangos de madeira.

Outra das actividades que se están desenvolvendo durante este curso consiste en cultivar plantas de áloe vera e sementar castañas en cartóns de leite.

«Club da ciencia»

Por outro lado, o centro educativo lucense conta cun «club da ciencia» dentro do cal os alumnos realizan numerosos experimentos científicos ao longo do curso. O mes pasado elaboraron pasta dentífrica con sabor a menta, empregando carbonato de calcio. Agora están deseñando e fabricando obxectos para imprimir nunha impresora de tres dimensións que se poñerán á venda nun pequeno mercado solidario. «Fabrican buxainas, chifres, frautas, moedas para meter nos carros da compra dos supermercados e coches de xoguete, por exemplo», apunta o profesor.

Voz Natura é un programa de La Voz de Galicia desenvolvido pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre e patrocinado pola Consellería de Medio Ambiente, a Deputación da Coruña, a Fundación Alcoa, El Corte Inglés, a Fundación Ramón Areces e Inditex. Todos os centros lucenses inscritos nesta edición participan na iniciativa Naturacción, patrocinada pola Fundación Alcoa co apoio de Alcoa San Ciprián e a colaboración da Consellería de Educación.

Na edición do programa Voz Natura do curso 2023-2024, o colexio San Lorenzo foi distinguido co premio Galicia, patrocinado pola Consellería de Medio Ambiente e Sogama, e dotado con 5.000 euros.

Presentan el programa de Navidad del HULA

LUGO / LA VOZ

El área de Humanización Hospitalaria del HULA, que dirige la supervisora Gloria Enríquez, pone un año más su granito de arena hacer un poco más dulces las Navidades. Proponen un programa que arranca el sábado 13 de diciembre, con la inauguración de un mural en pediatría, e incluye actuaciones, la visita de Papé Noel, obras de teatro, conciertos, festivales, talleres de manualidades y cocina y su tradicional cabalgata el Día de Reyes.

Las actuaciones se desarrollarán en distintos servicios del Lucus Augusti y en el hospital de Calde. También contarán con las visitas de asociaciones como Somos unidos por el cáncer, Cociñeiros Lugo o Xuntos por Lugo.

Entre las actividades, el día 15 en la escuela hospitalaria habrá manualidades y contacuentos en inglés con Kids & Us. El 16 actuarán el CMUS, Escuela de Idiomas y Escuela de Danza en el hall. El miércoles 17 Papá Noel hará su visita por distintos servicios y ese jueves Asotrame llevará a cabo su proyecto Luces de Cores en Oncohematología. Desde las 18.30 horas, se podrá disfrutar en el salón de actos de una obra con el grupo de teatro del hospital. El día 22 actuará Alma Selene en el hall desde las 12.00 horas; el 26 será el turno del músico Jaime Rodríguez Rico y el 30 cantará Monserrat Fernández.

El 27 tendrá lugar el Festival de Nadal. Por último, el 2 de enero la asociación Cociñeiros Lugo organizará un taller de menús saludables en pediatría. De nuevo, el día 5, a partir de las 16.30 horas, tendrá lugar la tradicional cabalgata en el salón de actos.

Detienen en Lugo a un hombre por violencia física a su pareja delante de su hija

LUGO / LA VOZ

Los agentes de la Policía Local de Lugo llevaron a cabo en los últimos días tres detenciones por violencia de géneros. En una de las actuaciones, los agentes interceptaron a la mujer siendo víctima de maltrato físico en su domicilio, delante de su hija mejor de edad. Después de detener al agresor, la mujer les confesó que no era el primer episodio violento vivido.

Ciencia fronte á desinformación sobre o clima no colexio San Lorenzo de Lugo

Xavier Fonseca, periodista de La Voz, deu unha charla no centro educativo

Voz NATURA

www.voznatura.es

FRANCISCO ALBO
LUGO / LA VOZ



Un momento da charla de Xavier Fonseca sobre o cambio climático no colexio San Lorenzo. ÓSCAR CELA

O colexio San Lorenzo de Lugo acolleu onte unha das charlas divulgativas que organiza durante este curso o programa de educación ambiental Voz Natura baixo o lema «Desinformación, un problema para entender e afrontar o cambio climático». A conferencia correu a cargo de Xavier Fonseca Blanco, periodista de La Voz especializado en meteoroloxía e climatoloxía con ampla experiencia na divulgación científica, quen explicou aos alumnos que o Foro Económico Mundial considera o risco meteorolóxico como o principal problema que afrontará o planeta de aquí a dez anos.

Na súa charla, Fonseca sinalou que aínda moita xente cre que o cambio climático levará a un planeta máis seco, a cuestión é moito máis complexa. «O quecemento da Terra está tamén facendo que os fenómenos meteorolóxicos extremos como a dana que sufriu Valencia no 2024 sexan máis recorrentes, o que terá un impacto social e económico moi forte», apunta. «Un fenómeno tan típico de Galicia como o orballo está en vías de extinción, porque aínda que a cantidade total de auga que cae na comunidade ao longo do ano sexa a mesma, as chuvias concéntranse máis en certas épocas e son máis torrenciais debido ao quecemento dos océanos», agrega.

O xornalista animou aos alumnos a informarse sobre o cambio climático en fontes científicas e fiables, e a non deixarse arrastrar polas desinformacións sobre este asunto que circulan nas redes sociais e noutros medios. A este respecto, resaltou a importancia de que os estudantes do colexio lucense estean realizando a súa propia investigación sobre o cambio climático en Galicia, como puido comprobar no coloquio que mantivo con eles. «Grazas a este traballo, os propios rapaces poden ver que os fenómenos meteorolóxicos están indo aos extremos, que as chuvias veñen agora con moita forza e que as vagas de calor son máis frecuentes, e estanse dando conta diso usando o método científico, que é precisamente o que hai que facer», engade.

A conferencia de Xavier Fonseca comprendeu tamén a divulgación de diversos aspectos do clima e da meteoroloxía de Galicia. Entre outras cuestións, explicou aos alumnos que os voos en avión entre Nova York e Galicia levan menos tempo cando se fan de oeste a leste que cando levan a dirección contraria. «Iso é porque os avións que veñen de Nova York son favorecidos pola corrente de aire en chorro que atravesa o Atlántico de oeste a leste e os ventos que sopran nesa dirección son tamén a causa de que chova tanto en Galicia», comentou.

Unha investigación dos alumnos con datos das estacións meteorolóxicas de Galicia

O proxecto de investigación sobre o cambio climático que se leva a cabo no colexio San Lorenzo de Lugo corre a cargo dos alumnos de primeiro de BAC, segundo explica o profesor Miguel Leiva, que coordina no centro as actividades do programa Voz Natura. «Dentro das clases de matemáticas, os rapaces recollen e analizan os datos sobre temperaturas e pluviometría nas estacións de MeteoGalicia en Lugo, Vigo, Pontevedra e outras localidades galegas desde seis anos atrás ata hoxe», apunta. «Neste traballo teñen que sacar as súas propias conclusións e relacionan estes datos co emisión de gases de efecto invernadoiro», engade o docente.

Os estudantes que realizan esta investigación, di por outra parte Leiva, tamén propoñen accións concretas para axudar a mitigar o cambio climático, como utilizar o menos posible o automóbil para desprazarse ao colexio, limitar o uso da calefacción ou consumir menos produtos cunha forte pegada de carbono.

Os alumnos dos cursos inferiores de ESO, aínda que non participan nesta investigación, tamén traballan sobre o cambio climático utilizando unidades didácticas sobre esta cuestión elaboradas polo Consejo Superior de Investigaciones Científicas. «Con estes materiais, os rapaces aprenden a basearse na ciencia e a non aceptar as loiadas negacionistas que se difunden por diversos medios», comenta Leiva.

GALICIENCIA



Un dos retos ao que nos enfrontamos cada ano é buscar proxectos de investigación interesantes que nos permitan descubrir novas realidades. Isto é complicado porque esixe altas doses de imaxinación, de orixinalidade e de constancia. Gústanos investigar para aprender cousas novas pero tamén para ensinarllas a outros.

En Galicia existen varios certames de ciencia que están pensados para que a xente nova expoña as súas investigacións. É o caso da Galiciencia, a maior feira de ciencia xuvenil de Galicia, que se celebra a principios de maio en San Cibrao das Viñas (ourense). Levamos 10 anos participando con moito entusiasmo porque desfrutamos da aventura de investigar.

Este ano presentamos dous proxectos relacionados coa temática proposta pola organización de Galiciencia:
A ciberseguridade. Dúas parellas de alumnos do Seminario, M. e M. de 2º de ESO e L. e J. de 1º de BAC atrevéronse a indagar sobre a seguridade nas redes e tamén sobre a vulnerabilidade das persoas que as usan. Os máis novos investigaron sobre a capacidade de engano que teñen as novas tecnoloxías, que nos poñen contra as cordas á hora de saber se unha imaxe, un vídeo ou unha voz son de orixe natural ou sintética. Os maiores reflexionaron sobre a capacidade de manipulación que vén das redes sociais.

Aquí vos deixamos un resumo de ambos traballos que podedes ver nos enlaces que aparecen ao final de cada resumo pois están activos en Internet.

Pon a proba os teus sentidos: Artesanal ou Artificial?

Ata que punto somos capaces de distinguir unha creación humana dunha creada por IA?

As intelixencias artificiais avanzaron tanto nos últimos anos que cada vez resulta máis difícil saber se unha imaxe, un texto, unha canción ou mesmo unha voz foron creados por unha persoa ou por unha máquina. Retratos de persoas que non existen, cancións compostas por algoritmos ou textos escritos por IA poden parecer totalmente reais e enganar con facilidade a quen os observa ou escoita.

Para estudar esta cuestión, desenvolvemos un proxecto que puxera a proba a capacidade de distinguir entre creacións humanas e artificiais. Para iso deseñamos varios test nos que se preguntaba pola realidade ou non de imaxes, sons, música, textos e olores. Os participantes tiñan que identificar se cada elemento era orixinal ou deseñado mediante intelixencia artificial. Logo, o grupo de investigación sacou estatísticas e conclusións.






Porcentajes de contenido - Red social X
Analizada con Chat GPT
(25/02/26 - 28/04/26)
10,0%
9,0%
8,0%
7,0%
6,0%
5,0%
4,0%
3,0%
2,0%
1,0%
0,0%
Manipulación Política de izquierdas
Manipulación política de derechas
Política local
Política nacional
Política Internacional
Política
Opinión política sesgada
Bulos
Hipersexualización / Pornografía
Videjuegos
Influencer
Deportes masivos
Deportes minoritarios
Violencia física
Violencia verbal
Crítica
Música
Manipulación
Memes
Cultura


Porcentajes de contenido - Red social X
Analizada con Grok
(25/02/26 - 28/04/26)
9,0%
8,0%
7,0%
6,0%
5,0%
4,0%
3,0%
2,0%
1,0%
0,0%
Manipulación Política de izquierdas
Manipulación política de derechas
Política local
Política nacional
Política Internacional
Política
Opinión política sesgada
Bulos
Hipersexualización / Pornografía
Videjuegos
Influencer
Deportes masivos
Deportes minoritarios
Violencia física
Violencia verbal
Crítica
Música
Manipulación
Memes
Cultura

Escasa confianza en redes sociales.
Riesgo de verte afectado por opiniones, tendencias y popularidad. Debilidad.

Alta exposición a sesgos sociales.
Vulnerabilidad por exceso de confianza.
Acepta información sin verificación.



Perfil muy crítico e independiente.
Gran desconfianza hacia redes sociales.
Riesgo: exceso de escepticismo.

Analizas la información, pero puedes dejarte influir en ciertos contextos.
Nivel saludable de pensamiento crítico.

Analiza, verifica y decide con independencia.
Usa redes con control y criterio.
Publica contenido arriesgado que puede generar debate o conflicto
Riesgo calculado: manipulador creativo.
👉 **Crítico estratégico (atrevido)**

No se deja influir fácilmente pero tampoco profundiza o actúa mucho. Verifica la información. Reflexiona antes de reaccionar. Publica con responsabilidad
Riesgo bajo: Falta de implicación o análisis superficial.
👉 **Crítico prudente (más pasivo)**



Participa, opina y actúa pero puede estar basado en información poco crítica.
Riesgo alto: Propenso a difundir desinformación y bulos con seguridad.
Difunde desinformación y se expone para lograr sus objetivos.
👉 **Influenciable activo**

Se deja influir fácilmente.
No cuestiona ni verifica.
Publica poco o con cautela.
Riesgo medio: Perfil más expuesto a manipulación. Consume contenido mediocre pero no lo amplifica mucho.
👉 **Vulnerable pasivo**


AUDIOS 01 - Puntuación media por idades
10
5
0
3,7
4,8
5,3
5
5
4
En branco
Entre 10 e 15 anos
Entre 15 e 20 anos
Entre 20 e 30 anos
Entre 30 e 50 anos
Máis de 50 anos


IMAXES 02 - Puntuación media por idades
10
5
0
4,7
6,2
4,9
8
4
6,5
En branco
Entre 10 e 15 anos
Entre 15 e 20 anos
Entre 20 e 30 anos
Entre 30 e 50 anos
Máis de 50 anos

Os resultados confirmaron o que sospeitabamos: as IA xa son capaces de crear textos, imaxes e contidos audiovisuais moi convincentes, ata o punto de que moitas persoas teñen dificultades para identificar a súa verdadeira orixe. Aproximadamente, os participante fallaron o 50% das preguntas pois non foron capaces de acertar a súa orixe. Pola contra, nas probas relacionadas co tacto (probas feitas sen mirar), a maioría dos participantes conseguiu diferenciar mellor entre elementos naturais e artificiais, aínda que tamén houbo erros de apreciación entre obxectos naturais ou moldeados pola impresora 3D.

Este estudo tamén permitiu reflexionar sobre os riscos asociados ao desenvolvemento das novas tecnoloxías e á desinformación que traen consigo. O usuario de Internet perde a confianza no que ve e escoita. Non nos podemos fiar das aparencias. É moi importante manter unha mirada crítica cara un mundo onde a fronteira entre o real e o artificial é cada vez máis difusa.







Manipúlannos as redes?
As redes sociais manipúlannos máis do que pensamos...

As redes sociais xa forman parte da nosa vida diaria. Usámolas para recibir información, compartir opinións e relacionarnos a través delas; pero tamén existe un debate cada vez máis intenso sobre a súa capacidade de influír no que pensamos, sentimos e facemos. Este proxecto naceu precisamente para investigar ata que punto as redes sociais poden condicionar aos seus usuarios.

O estudo centrouse en dous aspectos principais. Por unha banda, analizamos o funcionamento dos algoritmos, é dicir, os sistemas automáticos que deciden que contidos aparecen nas nosas pantallas e cales quedan ocultos entre miles de publicacións. Por outra, examinamos a vulnerabilidade das persoas ante a información que reciben, valorando a súa capacidade para detectar loiadas (bulos), resistir mensaxes manipuladoras ou manter unha visión crítica da realidade.

Para levar a cabo a investigación creáronse varios perfís en redes sociais como X e Facebook. Nun primeiro momento, os perfís apenas interactuaban coa plataforma. Posteriormente, cada perfil simulaba intereses e preferencias concretas. Ao mesmo tempo, empregamos dúas intelixencias artificiais para analizar centos de publicacións segundo criterios como a presenza de desinformación, contido político, violencia, racismo, sexualización ou manipulación ideolóxica. Posteriormente tratamos os datos clasificados pola IA mediante unha análise estatística.



Os resultados apuntan a que os algoritmos teñen unha gran capacidade para orientar os contidos que recibe cada usuario, reforzando determinados intereses ou puntos de vista. Ademais, detectouse unha elevada presenza de loiadas, mensaxes tendenciosas e contidos que buscan influír na opinión pública e condicionar tomas de posición políticas.

O estudo tamén mostrou que non todas as redes funcionan igual: mentres X destaca pola difusión rápida de información, debates e temas de actualidade, Facebook tende a priorizar publicacións de amigos, grupos e contidos máis persoais.

Outra conclusión interesante foi comprobar que as propias intelixencias artificiais non sempre avalían os contidos da mesma maneira. Por exemplo, Grok mostrouse máis permisiva ao analizar publicacións da rede social X fronte ao estilo máis estrito de ChatGPT, o que abre novas preguntas sobre a neutralidade destas ferramentas.

Respecto da vulnerabilidade das persoas, o estudio rebelou que, en xeral, somos bastante cautos e desconfiados do que poñen as redes pero que tamén corremos perigo de actuar con pasividade e consentimos contidos pouco éticos que acaban “normalizándose”.

En definitiva, a investigación confirma que as redes sociais non son simples espazos de comunicación. Os seus algoritmos inflúen no que vemos e, en consecuencia, poden afectar á nosa percepción da realidade.
Por iso resulta fundamental desenvolver o pensamento crítico e aprender a identificar tanto a desinformación como os intentos de manipulación presentes no entorno dixital.



¿CÓMO NOS INFLUYEN LAS REDES SOCIALES?

¿QUÉ SON?

Son plataformas digitales donde compartimos contenido e interactuamos.

Ejemplos: Instagram, TikTok, WhatsApp...



¿CÓMO NOS AFECTAN?

- Influyen en nuestras opiniones
- Cambian nuestro estado de ánimo
- Nos hacen compararnos con otros
- Afectan a nuestras decisiones

No todo lo que vemos es real



¿QUÉ HICIMOS?

✓ Realizamos encuestas a estudiantes.

✓ Analizamos:

- Tiempo de uso
- Emociones
- Confianza en la información



TEST DE NOLAN

- Clasifica perfiles según respuestas
- Mide el impacto de las redes
- Ayuda a entender comportamientos



RESULTADOS



- Más de 2 horas al día en redes
- Influencia en emociones
- Poca verificación de la información

CONCLUSIÓN

Las redes sociales tienen una gran influencia en nuestra vida.

Es importante usarlas con pensamiento crítico.





¿USAS TÚ LAS REDES...
...O ELLAS TE USAN A TI?





FUNDACIÓN
NITES

As novas do día a día do Colexio Diocesano San Lorenzo están en Instagram e Facebook.

Síguenos tamén en Twitter e visita a nosa páxina web: www.colegiodiocesanosanlorenzo.org.

Fai clic no enlace para seguirnos e dar un like nas nosas redes sociais.